

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 29 de decembro de 2023
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día vinte e nove de decembro do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Marta Fernández-Tapias Núñez, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, José Carlos López Campos, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asiste o vicepresidente *Rafael Domínguez Artime*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez e María Isabel Couso Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.33320.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 22 de decembro de 2023.

2.33321.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO CONTRATO DE OBRAS “SUBSTITUCIÓN DAS ESCALEIRAS DE EMERXENCIA DE ESCOLA FOGAR EN CPF”. (Expte.2023006144)

Resultando.- Que o *Edificio Infanto-Xuvenil Escola Fogar* é un inmovible deseñado para aloxar e formar a aqueles menores en situación de risco ou exclusión social, co obxectivo de mellorar o benestar social e favorecer a súa integración.

Resultando.- Que a edificación, construída na década dos 70, presenta problemas na capacidade portante da estrutura así como no seu estado de conservación, detectándose corrosión xeneralizada.

Resultando.- Que para solventar os problemas detectados é necesario levar a cabo varias actuacións que, no seu conxunto, permitan dotar a edificación de escaleiras de emerxencias en bo estado, velando en todo momento pola seguridade do CPF.



Resultando.- Que na súa consecuencia a Xunta de Goberno,, na súa sesión ordinaria celebrada o día 07/11/2022, acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Substitución das escaleiras de emerxencia do Centro Infante Xuvenil Escola Fogar de Príncipe Felipe*”.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 4 de novembro de 2022, informa que, unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas, non se presentou ningunha proposición de empresas interesadas na adxudicación do procedemento aberto simplificado, polo que, a Xunta de Goberno na sesión do día 18 de novembro de 2022, acordou declarar deserto o procedemento aberto simplificado abreviado, convocado para a contratación da obra “*Substitución das escaleiras de emerxencia do Centro Infante Xuvenil Escola Fogar de Príncipe Felipe*”.

Resultando.- Que tendo en conta que a necesidade de levar a cabo a obra persiste no Centro Príncipe Felipe debido ó mal estado das escaleiras actuais, revísase novamente o proxecto, do cal non se modifican os traballos a executar pero se procede a un incremento económico en determinadas partidas.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia, recibíuse novamente no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Substitución das escaleiras de emerxencia de Escola Fogar en CPF*”

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redáctase polo arquitecto José Manuel Fernández Barreira a redacción do proxecto básico e execución das obras de “*Substitución das escaleiras de emerxencia do Centro Infante Xuvenil Escola Fogar de Príncipe Felipe*“, cun orzamento base de licitación de 374.426,73 €. A este proxecto asignóuselle o CSV 1B2QVGN3DJ2V2ZO0.

Resultando.- Que consta no expediente informe de supervisión do proxecto con CSV: FMFDTKF38NPN501E, emitido pola arquitecta do Servizo de Arquitectura dona Sara Piñón Esteban

Resultando.- Que consta no expediente licenza urbanística para a execución das obras de substitución de celosías e carpinterías de aluminio no núcleo de escaleiras no *Centro Infante-Xuvenil Escola Fogar de Príncipe Felipe* concedida pola Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na súa sesión que tivo lugar o día 26/06/2023.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder executar esta obra.



Resultando.- Que pola Intervención emitíuse informe correspondente, nas aplicacións orzamentarias 23/232.2312.632.03.2020, 23/232.2312.632.03.2021, 23/232.2312.632.03.2022 e 23/232.2312.632.03 existe crédito retido para facer fronte a este gasto mediante documentos RC nº 202300184048, 202300184049, 202300184050 e 202300184086, por importe de 172.520,56 €, 98.483,08 €, 53.859,44 € e 49.563,65 € respectivamente.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 13/10/2023 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Substitución das escaleiras de emerxencia de Escola Fogar en CPF” redactado polo arquitecto José Manuel Fernández Barreira, cun orzamento base de licitación de 374.426,73€. A este proxecto asignóuselle o CSV 1B2QVGN3DJ2V2ZO0.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente o preceptivo informe xurídico emitido polo Secretario Xeral con CSV: AH2O3NWX6VR4TEPZ, no que se recolle o seguinte: *“...Estímase os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente. Non obstante, e con respecto ao sinalado no apartado 10 do presente informe, debería conciliarse o sinalado no proxecto e o que consta tanto no informe de inicio do expediente como nos PCA en relación aos requisitos para acreditar a clasificación que se lle esixe ás empresas contratistas...”*

Resultando.- Que mediante informe emitido pola Xefa do Servizo de arquitectura, que consta no expediente con CSV: QB03H28KVVYD0VEN, determínase que a clasificación correcta é a prevista na providencia de inicio do expediente, e que resulta: GRUPO C, SUBGRUPO 3 e CATEGORÍA 2.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse informe de fiscalización do expediente ó que se lle asignou o CSV: LTMB26Q51XXM7ZST, recollendo o seguinte: *“...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.*

Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio.
CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...”

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: *“A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”*



Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que *“Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”*

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: *“Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..”*

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: *“A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”*

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras *“Substitución das escaleiras de emerxencia de Escola Fogar en CPF”* cun orzamento base de licitación de 374.426,73 €, IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	309.443,58 €
IVE (21%).....	64.983,15 €
Importe Total.....	374.426,73 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): 2I4R551XRQPXMINR, e de prescricións técnicas con código (CSV) 1B2QVGN3DJ2V2ZO0, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe 374.426,73 €, con cargo á aplicación orzamentaria Intervención emitíuse informe correspondente, nas aplicacións orzamentarias 23/232.2312.632.03.2020, 23/232.2312.632.03.2021, 23/232.2312.632.03.2022 e 23/232.2312.632.03 do vixente orzamento provincial.



4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

3.33322.- APROBACIÓN DA SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DERIVADO DO LOTE 1 DO ACORDO MARCO DE CUNETAS DE SEGURIDADE NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA ANO 2022. (Expte 2023004479)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 17/02/2023 acordou adxudicar á empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L., o “Contrato derivado Lote 1 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2022”, por un importe de 665.125,49€ e un prazo de execución de SEIS MESES.

Resultando.- Que con data 22/03/2023 formalizouse entre o director de obra e o contratista acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 22/09/2023.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 25/08/2023 acordou conceder á empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L., unha ampliación do prazo de execución de TRES (3) MESES no “Contrato derivado Lote 1 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2022”, establecendo como data para finalizar a obra o día 22/12/2023.

Resultando.- Que con data 21/12/2023 formalizouse entre o director de obra e o contratista acta de paralización das obras, quedando nese intre UN (1) DÍA para a finalización do prazo de execución. Recolle a acta o seguinte: “...Debido ás choivas e á humidade ambiental existente non é posible realizar neste momento o formigonado dos tramos de cunetas pendentes. Ademais o peche das fábricas no período navideño imposibilita realizar os subministros necesarios para a obra nestas datas. Polo tanto o contratista solicita a suspensión ata o 14 de xaneiro, polo que procede levar a cabo a paralización total das obras ata dita data. O importe de obra executada correspóndese coa última certificación tramitada do mes de outubro, quedando pendente aportar a relación valorada na data de suspensión...”

Resultando.- Que recolle a acta de suspensión que a porcentaxe de obra executada é do 64,67 % quedando unidades de obra pendentes de executar por un importe de 234.994,90 €.

Resultando.- Que con data 21/12/2023 emitiu o xefe de Servizo de Contratación, recollendo o seguinte: “...Polo recollido na xustificación dos motivos da suspensión efectuada pola directora de obra, dedúcese que debido as condicións climatolóxicas e atmosféricas é imposible realizar neste momento o formigonado dos tramos de cunetas pendentes.. Iso unido o peche das fábricas de subministros no período navideño, imposibilita ter os materiais necesarios para a obra nestas datas. Chama poderosamente a atención que se formalice a acta de suspensión un día antes de finalizar o prazo de execución quedando pendente de executar o 35 % da obra, o que sen dúbida producirá, salvo que se tomen medidas adecuadas unha vez reiniciada a execución, que a obra non se execute no prazo. Non se pon en dúbida o criterio técnico, nin sería dilixente nin da nosa competencia facelo , polo que en base ó recollido polo director de obra na acta de paralización, cumpriría autorizar a suspensión da execución deste contrato, en tanto non se solventen ás circunstancias que dan lugar á mesma. Solventadas as incidencias, deberase formalizar un acta de reinicio das obras, quedando nese intre UN (1) DÍA para a finalización do prazo de execución...”



Considerando.- Que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que “...dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”

Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: “...se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, estenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: “1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...). 2. No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Suspender a execución do Contrato derivado Lote 1 do Acordo marco de cunetas de seguridade na rede viaria da Deputación de Pontevedra ano 2022 con efectos dende o 21/12/2023.

Solucionadas as causas que deron lugar á suspensión da execución desta obra, formalizarase entre o contratista e o director de obra acta de reinicio, quedando nese intre UN (1) DIA, para finalizar a obra.

4.33323.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO CONVOCADO, POR TRÁMITE DE URXENCIA, PARA CONTRATACIÓN DA IMPLANTACIÓN DUNHA PLATAFORMA DE VIDEOACTAS E RETRANSMISIÓN DE PLENOS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO MARCO DO PRTR, COMPOÑENTE 11, INVERSIÓN 3 E DA ORDE TER/836/2022. LIÑA 2 (FONDOS NEXT GENERATION EU). (Expte.2023060495)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 27 de outubro de 2023, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, trámite de urxencia, do contrato de *implantación dunha plataforma de videoactas e retransmisión de plenos dos concellos da provincia de Pontevedra no marco do PRTR compoñente 11, inversión 3, e da Orde TER/836/2022. Liña 2 (Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU).*



O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Diario Oficial da Unión Europea con data 7 de novembro de 2023, e no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 4 de novembro de 2023. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 23 de novembro de 2023 (CSV: GL4P5NZCM2CHCFB0), procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, resultando admitidas as seguintes empresas: Spica, S.L. (CIF: B36603363), Easyway Servicios Internet, S.L. (CIF: B87314787) e Ambiser Innovaciones, S.L (CIF: B85355071).

A continuación (CSV: E27F6CO5DQQH1GJV), procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo de Novas Tecnoloxías para a súa valoración.

Recibido informe do servizo de Novas Tecnoloxías, con data 5 de decembro de 2023 (CSV: HXNJMHN1UWD5Z4KN), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 11 de decembro de 2023 (CSV: 3HEJE0WSNFMH5TMB), acorda excluír ás empresas Ambiser Innovaciones, S.L (CIF: B85355071) e Easyway Servicios Internet, S.L. (CIF: B87314787), e presta conformidade ás puntuacións acadadas das empresas admitidas, que resultan as seguintes:

Empresa	Puntuación sobre B
Spica, S.L. (CIF: B36603363)	36,50

Na mesma sesión (CSV: 9V3MV74VERTKTVHS) , procede á apertura electrónica dos sobres “C” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos.

Unha vez realizado o exame das ofertas presentadas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 14 de decembro de 2023 (CSV: 79DCZN9CLVUAVNSZ) , procedeu á clasificar por orde decrecente de puntuación as ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación do contrato a favor da empresa Spica, S.L. polos prezos e valores ofertados.

Mediante Resolución Presidencial número 2023009732, de 18 de decembro de 2023 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa Spica, S.L., que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.



A empresa Spica, S.L. presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2023069251, de data 19/12/2023), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 23.100,00 € (carta de pago núm. operación 202300269819, do 19/12/2023).

Visto que constan no expediente os documentos esixidos pola Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, aos distintos suxeitos afectados nas distintas fases do contrato, incluídos os/as contratistas e subcontratistas.

Asemade, de conformidade coa Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o órgano de contratación tivo acceso á ferramenta informática de data mining, con sede na Axencia Estatal de Administración Tributaria de España, MINERVA, para a análise ex ante de risco de conflito de interese. Realizada a consulta, non se detectou a existencia de risco de conflito de interese (bandeiras vermellas) nin potenciais beneficiarios para os que non conste información de titularidades ou que consten como falecidos (bandeiras negras).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adjudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adjudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Excluir do procedemento de contratación da *implantación dunha plataforma de videoactas e retransmisión de plenos dos concellos da provincia de Pontevedra no marco do PRTR compoñente 11, inversión 3, e da Orde TER/836/2022. Liña 2 (Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU)* ás empresas Ambiser Innovaciones, S.L (CIF: B85355071) e Easyway Servicios Internet, S.L. (CIF: B87314787), de conformidade co acordo da Mesa de Contratación de 11 de decembro de 2023 (CSV: 3HEJE0WSNFMH5TMB).



2.- Adxudicar o contrato de *implantación dunha plataforma de videoactas e retransmisión de plenos dos concellos da provincia de Pontevedra no marco do PRTR compoñente 11, inversión 3, e da Orde TER/836/2022. Liña 2 (Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU)* á empresa Spica, S.L. (CIF: B36603363) polos prezos e valor es ofertados, e conforme ao seguinte:

Prezo:

- Prezo ofertado:
 - Importe sen o IVE: 462.000,00 €
 - IVE (21%): 97.020,00 €
 - Importe total ofertado: 559.020,00 €
- Unidade de debate adicional ofertada: SI

Prazo de execución: O prazo máximo de execución será de 4 meses, contados a partir da formalización do contrato. Unha vez realizada, comezará o período de garantía da solución.

Tempo e lugar de entrega: Nos correspondentes Concellos durante o prazo de execución.

Financiación: Convocatoria de axudas Orde TER/836/2022 dentro da liña estratéxica 2; financiando ao 100% polo Ministerio de Política Territorial a través dos fondos NextGenerationEU.

As obrigas económicas derivadas da presente contratación financiaranse con cargo á aplicación 23/926.4910.652.99 do vixente orzamento provincial.

Forma de pagamento: TOTAL

Fitos de facturación:

A facturación realizarase unha vez recibida a mercancía e posta en produción da solución requirida e asinada a correspondente acta de recepción favorable.
Formalizarase unha acta única de entrega.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Nº de exp.:	2023060495	
Órgano xestor:	LA0006132	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Juan Gabriel Fernández García de la Rocha, xefe do servizo de Novas Tecnoloxías.

3.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de dez días naturais, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

5.33324.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE, TRAMITADO PARA CONTRATACIÓN DO SERVIZO PUBLICITARIO CON RADIO VIGO, S.A.U. (A36612414), PARA A COBERTURA PUBLICITARIA DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A ANUALIDADE 2024. (Expte.2023069120)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 11 de decembro de 2023, acordou aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, dos servizos publicitarios con *Radio Vigo, S.A.U.* para a anualidade 2024, e iniciar o procedemento, dando traslado do acordo, xunto cos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa *Radio Vigo, S.A.U.*

No mesmo acordo, o órgano de contratación invita o día 11 de decembro de 2023, á empresa *Radio Vigo, S.A.U.*, no caso de estar interesada, a presentar proposición a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL). A citada empresa presentou con data 19 de decembro de 2023 a documentación requirida e unha vez examinada a documentación presentada resulta admitida no procedemento.

A oferta económica presentada pola empresa é a seguinte: Menor prezo ofertado sen IVE.



Resultando uns prezos unitarios ofertados coincidentes coas tarifas indicadas no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

A continuación, procédese á valoración da oferta de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas económico-administrativas particulares, co seguinte resultado:

Criterios de adxudicación do contrato: menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 100 puntos.

Empresa	Prezo ofertado SEN IVE	Puntuación
Radio Vigo, S.A.U. (A36612414)	103.305,79 €	0 puntos

A empresa proposta para a adxudicación presentou a documentación requirida a través do rexistro electrónico da Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e na resolución presidencial do requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 5.165,29 € (carta de pago núm. 202300265222 de data 13/12/2023).

Considerando o establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 100.000,00 € (IVE incluído), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Adxudicar o contrato “*Servizos publicitarios con Radio Vigo, S.A.U. para a anualidade 2024*”, á empresa Radio Vigo, S.A.U. (A36612414), polos seguintes prezos e valores ofertados, de conformidade coas tarifas indicadas no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas (CSV: 9WXMONT0IKAQLJ6T).

A Deputación de Pontevedra non se compromete a realizar un número mínimo de insercións publicitarias nin a gastar una cantidade fixa, senón que dependerá das necesidades que vaian xurdindo para facer as citadas publicacións, que se axustarán aos prezos indicados, sen que o gasto total poida superar o seguinte importe:

Importe máximo con IVE	125.000,00 €
------------------------	--------------

O prazo máximo de duración do contrato será desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2024. Se a sinatura do contrato é posterior ao 1 de xaneiro considerarase como data de comezo a da súa sinatura.

A formalización do contrato efectuarase en documento administrativo unha vez transcorridos quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación á empresa.

Nomear responsable do contrato á Xefatura do servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue.



As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 924.9200.226.02 do orzamento provincial do ano 2024, quedando o gasto condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na referida aplicación orzamentaria.

Forma de pagamento: PARCIAL.

Fitos de facturación: Por inserción publicitaria realizada.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola ou polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e o núm. de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2023069120	
Órgano xestor:	LA006130	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a adxudicataria ou adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

6.33325.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE, TRAMITADO PARA CONTRATACIÓN DO SERVIZO PUBLICITARIO CON “LA VOZ DE GALICIA, S.A.” PARA A COBERTURA PUBLICITARIA DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A ANUALIDADE 2024. (Expte.2023069090)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 15 de decembro de 2023, acordou aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, dos servizos publicitarios con La Voz de Galicia, S.A. para a anualidade 2024, e iniciar o procedemento, dando traslado do acordo, xunto cos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa La Voz de Galicia, S.A.



No mesmo acordo, o órgano de contratación invita o día 15 de decembro de 2023, á empresa La Voz de Galicia, S.A., no caso de estar interesada, a presentar proposición a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL). A citada empresa presentou con data 20 de decembro de 2023 a documentación requirida e unha vez examinada a documentación presentada resulta admitida no procedemento.

A oferta económica presentada pola empresa é a seguinte: Menor prezo ofertado sen IVE. Resultando uns prezos unitarios ofertados coincidentes coas tarifas indicadas no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

A continuación, procédese á valoración da oferta de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas económico-administrativas particulares, co seguinte resultado:

Criterios de adxudicación do contrato: menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 100 puntos.

Empresa	Prezo ofertado SEN IVE	Puntuación
La Voz de Galicia, S.A. (A15000649)	157.024,80 €	0,000 puntos

A empresa proposta para a adxudicación está inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 7.851,24 € (carta de pago núm. 202300271971 de data 21/12/2023).

Considerando o establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 100.000,00 € (IVE incluído), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Adxudicar o contrato “*Servizos publicitarios con La Voz de Galicia, S.A. para a anualidade 2024*”, á empresa La Voz de Galicia, S.A. (A15000649), polos seguintes prezos e valores ofertados, de conformidade coas tarifas indicadas no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas (CSV: 17ILAJGIOFKHE7YM).

A Deputación de Pontevedra non se compromete a realizar un número mínimo de insercións publicitarias nin a gastar una cantidade fixa, senón que dependerá das necesidades que vaian xurdindo para facer as citadas publicacións, que se axustarán aos prezos indicados, sen que o gasto total poida superar o seguinte importe:

Importe máximo con IVE	190.000,00 €
------------------------	--------------



O prazo máximo de duración do contrato será desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2024. Se a sinatura do contrato é posterior ao 1 de xaneiro considerarase como data de comezo a da súa sinatura.

A formalización do contrato efectuarase en documento administrativo unha vez transcorridos quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación á empresa.

Nomear responsable do contrato á Xefatura do servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue.

As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 24/924.9200.226.02 do orzamento provincial do ano 2024, quedando o gasto condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na referida aplicación orzamentaria.

Forma de pagamento: PARCIAL.

Fitos de facturación: Por inserción publicitaria realizada.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola ou polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e o núm. de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2023069090	
Órgano xestor:	LA006130	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a adxudicataria ou adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.



7.33326.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DO CONTRATO de IMPLANTACIÓN DUNHA PLATAFORMA DE COMUNICACIÓN CIDADÁ DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO MARCO DO PRTR COMPOÑENTE 11, INVERSIÓN 3 E DA ORDE TER/836/2022. LIÑA 1 (FONDOS NEXT GENERATION EU). (Exppte.2023059018)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 20/10/2023, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da *“Implantación dunha plataforma de comunicación cidadá dos concellos da provincia de Pontevedra no marco do PRTR compoñente 11, inversión 3 e da Orde TER/836/2022. liña 1 (Fondos Next Generation EU)”*, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante, para a presentación de proposicións.

O anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no *Perfil de Contratación* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 23/10/2023. Na mesma data, publícanse no *Perfil de Contratación* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 09/11/2023, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo do Novas Tecnoloxías.

Recibido informe do servizo de Novas Tecnoloxías, de data 21/11/2023 (CSV: S4Q5D02WBB42IM9U; CSV: IFSYO9X6N3Z1VW8K e CSV: 0MZ4GY6O6Y90GXL5), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 23/11/2023, presta conformidade as puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que alcanzan a puntuación mínima do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliables mediante un xuízo de valor (sobre B), esixida na cláusula 9.1 dos pregos para continuar no procedemento.

Unha vez realizado o exame das ofertas presentadas, a Mesa de Contratación observa que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a proposta da empresa Green Tal SA (NIF: A62313788) presenta un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo total ofertado, polo que se lle require xustificación.



Achegada a documentación requirida, o servizo de Novas Tecnoloxías, mediante informe de data 12/12/2023 (CSV: S8ZQH2H49UAROFU2) , considera que a xustificación presentada pola empresa xustifica de forma correcta a súa oferta económica, polo que propuxo á Mesa de Contratación que fora admitida.

De conformidade co exposto, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 14/12/2023, acordou propor ao órgano de contratación a exclusión das seguintes empresas do procedemento seguido para a adxudicación do presente contrato, polos motivos que se relacionan:

Empresa	Motivo de exclusión:
Evelb Técnicas y Sistemas SL (NIF: B70240320)	Non alcanza a puntuación mínima do 50% (12,5 puntos) da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor (Sobre “B”), tal como figura na cláusula 9.1 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexen neste procedemento aberto
Mantra Internet SL (NIF: B85435196)	Non alcanza a puntuación mínima do 50% (12,5 puntos) da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor (Sobre “B”), tal como figura na cláusula 9.1 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexen neste procedemento aberto
Munidigital SLU (NIF: B16730111)	Non alcanza a puntuación mínima do 50% (12,5 puntos) da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor (Sobre “B”), tal como figura na cláusula 9.1 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexen neste procedemento aberto
Prometeo Innovations SL (NIF: B74197708)	Non presenta o <i>Anexo VIII: Táboa de acreditación de requirimentos funcionais e técnicos</i> , polo que non puido ser valorada e, por tanto, non alcanza a puntuación mínima.

No mesmo acto, a Mesa de Contratación procedeu á clasificar por orde decrecente de puntuación o resto das ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación do contrato a favor da empresa Green Tal SA (NIF: A62313788), polos prezos e valores ofertados.

Mediante Resolución Presidencial número 2023009720, de 18/12/2023 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa Green Tal SA (NIF: A62313788), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exigida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.



A empresa Green Tal SA (NIF: A62313788) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2023069489, de data 20/12/2023), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 2.330,00 € (carta de pago núm. operación 202300272295, do 21/12/2023).

Visto que constan no expediente os documentos esixidos pola Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, aos distintos suxeitos afectados nas distintas fases do contrato, incluídos os/as contratistas e subcontratistas.

Asemade, de conformidade coa Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o órgano de contratación tivo acceso á ferramenta informática de data mining, con sede na Axencia Estatal de Administración Tributaria de España, MINERVA, para a análise ex ante de risco de conflito de interese. Realizada a consulta, non se detectou a existencia de risco de conflito de interese (bandeiras vermellas) nin potenciais beneficiarios para os que non conste información de titularidades ou que consten como falecidos (bandeiras negras).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Excluir do procedemento de contratación á empresa *Evelb Técnicas y Sistemas SL* (NIF: B70240320), que obtén 1,95 puntos na valoración do sobre “B”, correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, por non alcanzar a puntuación mínima de 20 puntos esixida neste sobre para continuar no procedemento, segundo o establecido na cláusula 9.1 do prego administrativo.



2.- Excluir do procedemento de contratación á empresa *Mantra Internet SL* (NIF: B85435196), que obtén 6,35 puntos na valoración do sobre “B”, correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, por non alcanzar a puntuación mínima de 20 puntos esixida neste sobre para continuar no procedemento, segundo o establecido na cláusula 9.1 do prego administrativo.

3.- Excluir do procedemento de contratación á empresa *Munidigital SLU* (NIF: B16730111), que obtén 12,00 puntos na valoración do sobre “B”, correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, por non alcanzar a puntuación mínima de 20 puntos esixida neste sobre para continuar no procedemento, segundo o establecido na cláusula 9.1 do prego administrativo.

4.- Excluir do procedemento de contratación á empresa *Prometeo Innovations SL* (NIF: B74197708), que obtén 0,00 puntos na valoración do sobre “B”, correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, por non alcanzar a puntuación mínima de 20 puntos esixida neste sobre para continuar no procedemento, segundo o establecido na cláusula 9.1 do prego administrativo.

5.- Adjudicar o contrato de subministración da “*Implantación dunha plataforma de comunicación cidadá dos concellos da provincia de Pontevedra no marco do PRTR compoñente 11, inversión 3 e da Orde TER/836/2022. Liña 1 (Fondos Next Generation EU)*”, á empresa *Green Tal, SA* (NIF: A62313788) polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

A. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	46.600,00 €
IVE (21 %):	9.786,00 €
Importe total ofertado:	56.386,00 €

B. A empresa oferta o servizo de atención telefónica para o rexistro das incidencias municipais: SÍ

C. Número de horas de formación que oferta a empresa: 530 HORAS

O prazo máximo de execución será de 4 meses contados a partir da formalización do correspondente contrato pola empresa adjudicataria. A partir desa data comezará o período de garantía da solución, de conformidade coa cláusula 9 do PPT. Non se establece prórroga.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato para o ano 2023 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 23/926.4910.652.99 do vixente orzamento provincial.

Forma de pagamento: TOTAL

Fitos de facturación:

A facturación realizarase unha vez recibida a mercancía e posta en produción da solución requirida e asinada a correspondente acta única de entrega.
--

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FAcE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2023059018	
Órgano xestor:	LA0006132	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Xefatura de Servizo de Novas Tecnoloxías.

6.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de dez días naturais, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

8.33327.- APROBACIÓN DO ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN DA ALIMENTACIÓN DO GANDO VACÚN DA FINCA MOURISCADE. (Expte.2023065088)

A Deputación de Pontevedra, co obxectivo de potenciar e mellorar o sector agrícola e gandeiro, dada a súa importancia económica no norte da provincia, conta coa *Finca Mouriscade* situada no termo municipal de Lalín.

Un dos obxectivos do centro é mellorar a calidade das explotacións gandeiras da provincia a través do servizo de transferencia embrionaria. Este servizo de transferencia de embrións lévase a cabo mediante a extracción de embrións dos animais que hai na propia finca, debido a que son de alta cualificación xenética, e implántanse nas explotacións gandeiras da provincia que así o requiran. O dispoñer de animais posibilita o desenrolo de programas con entidades públicas e privadas e estudos na planta experimental de Biogás.



O programa de mellora xenética desenvolvido na *Finca Mouriscade* ten como finalidade mellorar as condicións do sector, facendo explotacións cada vez máis eficientes, o que facilita a fixación de poboación no rural. Este programa lévase prestando dende fai moitos anos polo que existe unha estreita relación entre gandeiros, cooperativas e empresas do sector, podendo anticipar e adaptar o programa as cambiantes necesidades do sector.

Para a realización deste programa é necesario contar con cabezas de gando bovino, sendo a manutención o gasto máis substancial nestes animais. Este gando alimentase mediante compras directas de produtos alimenticios e tamén mediante a colleita dos forraxes que producen as parcelas da propia finca.

Coa finalidade da manutención dos animais, precísase acudir a unha contratación externa para satisfacer as distintas necesidades nutricionais nos animais e así poder prestar correctamente os diferentes servizos, xa que a Deputación de Pontevedra non dispón do persoal adecuado nin dos medios técnicos necesarios para a elaboración destes produtos motivo polo que unicamente se pode recorrer a empresas do sector que posúan capacidade para realizar este tipo de subministracións.

Nas actividades desenvolvidas na *Finca de Mouriscade* perséguese mellorar as condicións dos gandeiros, cooperativas agrogandeiras e empresas do sector na provincia. A competencia na que se ampara a Deputación para esta contratación é a da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social da provincia, artigo 36, apartado d) da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 109, apartado d) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia.

Por este motivo, con data 25 de outubro de 2023, o Deputado Delegado da Finca Mouriscade dita providencia de inicio do expediente para o establecemento dun sistema dinámico de adquisición da alimentación do gando vacún da *Finca Mouriscade*, dividíndose nas seguintes categorías:

- Categoría I: Mestura de materias primas.
- Categoría II: Pensos ensacados.
- Categoría III: Forraxes: palla, alfalfa, veza.
- Categoría IV: Penso mineral complementario

Tendo en conta que, con data 21 de decembro de 2023 o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministracións e, en prol de conseguir unha mellor eficiencia nos recursos públicos e dentro dunha estratexia que conleva unha planificación dos contratos e a procura de solucións, proxecta implementar para esta necesidade un sistema dinámico de adquisición enmarcado dentro da sección 3ª, do Capítulo II, racionalización técnica da contratación, do Título I do Libro II.

Visto o informe favorable emitido pola Secretaría Xeral con data 15 de decembro de 2023.



Vistas as aclaracións e emendas realizadas, a petición da Secretaria, na documentación preparatoria do expediente, polo servizo de Medio Ambiente, reflectida no seu informe de data 18/12/2023.

Visto o informe favorable emitido pola Intervención con data 21 de decembro de 2023.

Tendo en conta que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “*A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante*”.

Visto que o artigo 223 da Lei 9/2017, sinala que os órganos de contratación poderán articular sistemas dinámicos de adquisición de obras, servizos e subministracións de uso corrente cuxas características, xeralmente dispoñibles no mercado.

Tendo en conta que o artigo 224 e 226 da LCSP, determina que para contratar no marco dun sistema dinámico de adquisición seguiranse as normas do procedemento restrinxido, sendo obxecto de licitación cada contrato que pretenda adxudicar.

Considerando que se estima que o valor dos contratos específicos superasen no seu conxunto os 100.000 euros, establécese como o órgano de contratación que aprobe esta institución a Xunta de Goberno.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- 1.- Aprobar o expediente para establecer un “*Sistema Dinámico de Adquisición da alimentación do gando vacúm da Finca Mouriscade*”.
- 2.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas que consta no expediente, co código seguro de verificación (CSV) 70BAF549A7AFJ84B.
- 3.- Iniciar a Fase I do SDA de selección de candidatos, concedendo un prazo para solicitar adhesión das empresas o sistema, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.
- 4.- Delegar na mesa de contratación a cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos e selección dos candidatos que poida acceder o SDA.
- 5.- Establecerase como órgano de contratación dos contratos específicos, para a remisión da invitación de licitación e posterior adxudicación, ao órgano competente para autorizar e dispoñer o gasto de conformidade coas Bases de Execución do Orzamento.



9.33328.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DA IMPLANTACIÓN DUNHA INFRAESTRUTURA DE ALMACENAMENTO DE ALTA CAPACIDADE PARA A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, NO MARCO DO PRTR, COMPOÑENTE 11, INVERSIÓN 3 E DA ORDE TER/836/2022, LIÑA 4 (FONDOS NEXT GENERATIO EU). (Expte.2023062421)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 17 de novembro de 2023, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do Subministro dunha infraestrutura de almacenamento de alta capacidade para a Deputación de Pontevedra no marco do PRTR compoñente 11, inversión 3 e da Orde Ter/836/2022 Liña 4, Next Generation EU.

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 17 de novembro de 2023. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 11 de decembro de 2023, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, resultando admitidas as seguintes empresas :Internacional periféricos y memorias España S.L.U. e Ozona Tecnoloxías da Información S.L.

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo de Novas Tecnoloxías para a súa valoración.

Recibido informe do servizo de Novas Tecnoloxías, con data 12/12/2023 (csv: I8ZWUUBLMQZ6LSQ8) a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 14/12/2023, acorda prestar conformidade ás puntuacións acadadas das empresas admitidas, que resultan as seguintes:

Empresa	Puntuación sobre B
Ozona Tecnoloxías da Información SL	22,00
Internacional Periféricos y memorias España SLU	32,00

Na mesma sesión, procede á apertura electrónica dos sobres “C” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos.



Unha vez realizado o exame das ofertas presentadas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 21 de decembro de 2023, procedeu á clasificar por orde decrecente de puntuación as ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación do contrato a favor da empresa Internacional Periféricos y Memorias España S.L.U. (B-62758602) polos prezos e valores ofertados, recollidos no certificado da mesa co csv (AXR5SZUJKM9KE41X).

Mediante Resolución Presidencial número 2023009903 , de 22 de decembro de 2023 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa Internacional Periféricos y Memorias España S.L.U. que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa Internacional Periféricos y Memorias España S.L.U presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2023070205 , de data 27/12/2023), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 7.750,00 euros (carta de pago núm de operación202300274581).

Visto que constan no expediente os documentos esixidos pola Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, aos distintos suxeitos afectados nas distintas fases do contrato, incluídos os/as contratistas e subcontratistas.

Asemade, de conformidade coa Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o órgano de contratación tivo acceso á ferramenta informática de data mining, con sede na Axencia Estatal de Administración Tributaria de España, MINERVA, para a análise ex ante de risco de conflito de interese. Realizada a consulta, non se detectou a existencia de risco de conflito de interese (bandeiras vermellas) nin potenciais beneficiarios para os que non conste información de titularidades ou que consten como falecidos (bandeiras negras).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato de implantación dunha infraestrutura de almacenamento de alta capacidade para a Deputación de Pontevedra, *no marco do PRTR compoñente 11, inversión 3, e da Orde TER/836/2022. Liña 4 (Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU)* á empresa INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA S.L.U.polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

1) Prezo

Prezo sen IVE:	155.000,00 euros
21% de IVE:.....	32.550,00 euros
Importe total IVE engadido:.....	187.550,00 euros

2) Capacidade neta do conxunto da solución ofertados en TiB: 162

3) Capacidade neta máxima escalable para o conxunto da solución en TiB 35668361,21

Prazo de execución: O prazo máximo de execución será de 2 meses, contados a partir da formalización do contrato. Unha vez realizada, comezará o período de garantía da infraestrutura de almacenamento de alta capacidade (36 meses).

Tempo e lugar de entrega: O destino da subministración será a Deputación de Pontevedra, un CPD principal situado no Edificio Administrativo (avenida Montero Ríos, s/n, 36001 Pontevedra), e o CPD de respaldo situado no Centro Príncipe Felipe (avenida de Montecelo, s/n, 36161 Pontevedra).

Financiación: Convocatoria de axudas Orde TER/836/2022 dentro da liña estratéxica 4; financiando ao 100% polo Ministerio de Política Territorial a través dos fondos NextGenerationEU.

As obrigas económicas derivadas da presente contratación financiaranse con cargo á aplicación 23/926.4910.652.99 do vixente orzamento provincial.

Forma de pagamento: TOTAL



Fitos de facturación:

A facturación realizarase unha vez recibida a infraestrutura de almacenamento de alta capacidade e posta en produción da solución requirida e asinada a correspondente acta de recepción favorable.

Formalizarase unha acta única de entrega.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2023062421	
Órgano xestor:	LA0006132	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: O xefe do servizo de Novas Tecnoloxías ou persoa en que delegue.

2.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de dez días naturais, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.



10.33329.- ADXUDICACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE 546 ORDENADORES PORTÁTILES ESTÁNDAR, MEDIANTE UN CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO 02/2020, DO SISTEMA ESTATAL DE CONTRATACIÓN CENTRALIZADA. (Expte.2023064654)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 24/11/2023, aprobou o expediente para a contratación, da Subministración de 546 ordenadores portátiles estándar (cas opcións: Sistema Operativo, LTE e Docking Station) no marco do PRTRcompoñente 11, inversión 3 e da Orde TER/836/2022. liña 4 (fondos Next Generation EU) mediante un contrato baseado no Acordo Marco 02/2020, para o subministro de ordenadores, portátiles, monitores e outras solucións de posto de traballo (Lote 4: Ordenadores portátiles estándar), da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización de Contratación do Estado.

Así mesmo, no mesmo acordo apróbase o documento de segunda licitación (CSV: N8RM4BE2P4D6OM0D) que rexerá dita contratación e dispónse a apertura do procedemento de adxudicación, invitando a presentación de proposicións ás empresas que forman parte do lote 4 do Acordo Marco 02/2020 do sistema estatal de contratación centralizada, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que remata ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 12 días hábiles, contados desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica Vortal.

O envío da invitación a través da Plataforma de Licitación Electrónica da Deputación de Pontevedra (VORTAL) realizouse o día 27 de novembro de 2023.

Visto o informe emitido en data 29 de novembro de 2023 polos técnicos do Servizo de Novas Tecnoloxías, mediante Resolución Presidencial nº 2023009210, de 1 de decembro de 2023, acordouse aprobar un novo documento de segunda licitación (CSV: 7YS1TDGL85URBBV3), que rectifica a cláusula 2.1 no relativo á licenza de sistema operativo da que deben dispoñer os ordenadores, permanecendo o resto do clausurado invariable; e substituíndo o anterior documento de segunda licitación. Asimesmo, acordouse reiniciar o prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 12 días hábiles, contados desde a data de envío desta resolución a través da plataforma licitación electrónica Vortal.

En data 01/12/2023, a través da Plataforma de Licitación Electrónica da Deputación de Pontevedra procedeuse a notificar as invitacións as empresas que forman parte deste acordo marco.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas en data 22/12/2023, procédese a descriptación e descarga das ofertas presentadas a través da plataforma Vortal, en data 22/12/2023.

As empresas presentadas á licitación son as seguintes:

- Dell Computer, S.A.(NIF: A80022734)
- HP Printing and Computing Solutions, S.L.U (NIF: B28260933)



As seguintes empresas achegan escrito no que xustifican os motivos polos que non presentan oferta:

- Algoritmos, procesos y diseños, S.A. (NIF: A28634046)
- BECHTLE DIRECT, S.L.U. (NIF: B83029439)
- EYP SCAP, S.A. (NIF: A28562908)
- SPECIALIST COMPUTER CENTRES S.L. (SCC) (NIF: B81644387)

Os valores ofertados son os seguintes:

Empresa: HP Printing and Computing Solutions, S.L.U.

ARTIGO (CLAVE CATALOGO)		Unidades requiridas	DESCRIPCION (Descripción curta catálogo)	Prezo unitario (sen IVE)	Importe antes de impuestos
ORDENADOR PORTATIL STANDARD	04.01.00.0019	546	HP. EliteBook 650.		258.258,00 €
LIC SISTEMAS OPERATIVOS AMBITO GENERAL	04.02.00.0025	546	Windows 11 PRO OEM. Pro - 64 bits.		68.250,00 €
OPCION LTE	04.07.00.0002	546	Opción LTE		36.379,98 €
OUTRAS OPCIONES DE INSTALACIÓN	04.08.00.0002	546	Outras opcións de instalación		16.380,00 €
DOCKING STATION (BASE CONEXIÓN)	04.09.00.0002	546	HP. HP USB-C Dock		81.900,00 €
DESCONTO NOVA LICITACIÓN	04.90.00.0002				54.600,00 €
BASE IMPOÑIBLE					406.567,98 €
IMPORTE TOTAL (impuestos incluídos)					491.947,26 €



Empresa: DELL COMPUTER, S.A.U.

ARTIGO (CLAVE CATALOGO)		Unidades requiridas	DESCRIPCION (Descripción corta catálogo)	Prezo unitario (sen IVE)	Importe antes de impuestos
ORDENADOR PORTATIL STANDARD	04.01.00.0021	546	Ordenador portátil estandar. Dell. Latitude 5540.	469,00 €	256.074,00 €
LIC SISTEMAS OPERATIVOS AMBITO GENERAL	04.02.00.0039	546	Windows 11 PRO Modalidad OEM .PROFESSIONAL	105,00 €	57.330,00 €
AMPLIACION MEMORIA RAM	04.03.00.0003	546	Ampliación memoria RAM (GB). 8.	0,00	0,00 €
AMPLIACION ALMACENAMI ENTO SSD	04.04.00.0003	546	Ampliación almacenamiento SSD (GB). 256	0,00	0,00 €
INCREMENTO POR INSTALACIÓN	04.05.00.0003	546	Incremento por instalación	0,00	0,00 €
EXTENS GARANTIA BASICA ADICIONAL 2 AÑOS	04.06.00.0003	546	Garantía básica adicional 2 anos	0,00	0,00 €
OPCION LTE	04.07.00.0003	546	Opción LTE	70,00 €	38,220.00 €
OUTRAS OPCIONES DE INSTALACIÓN	04.08.00.0003	546	Outras opcións de instalación	30,00 €	16.380,00 €
DOCKING STATION (BASE CONEXIÓN)	04.09.00.0003	546	Docking station DELL DOCK WD19S	150,00 €	81.900,00 €
DESCONTO NOVA LICITACIÓN	04.90.00.0003				
BASE IMPOÑIBLE					449.904,00 €
IMPORTE TOTAL (impuestos incluídos)					544.383,84 €



De conformidade co informe de valoración do servizo de Novas Tecnoloxías de 27 de decembro de 2023 (CSV: 837KD8TITZTW2UWWX), que, en aplicación dos criterios de adxudicación automáticos establecidos no documento de nova licitación, outorga as seguintes puntuacións:

EMPRESA	PUNTUACIÓN	POSICIÓN
HP Printing and Computing Solutions, S.L.U.	100,00	1ª
Dell Computer, S.A.	54,19	2ª

A empresa HP Printing and Computing Solutions S.L.U. (NIF: B28260933) é a que obtén maior puntuación (100,00 puntos) e non incorre en baixa temeraria, polo que é a empresa que resulta adxudicataria.

Considerando que todas as empresas invitadas á licitación teñen a obriga de presentar oferta ou informar ao organismo petionario de que non poden dar cobertura ao contrato indicando as concretas características que impiden a súa participación no procedemento de licitación. O incumprimento desta obriga poderá dar lugar á exclusión temporal ou á resolución prevista na cláusula 26 do prego de cláusulas administrativas que rexe o Acordo marco para o subministro de ordenadores, portátiles, monitores e outras solucións de posto de traballo (AM02/2020).

Considerando que o artigo 227.2 da Lei 9/2017, de contratos del sector público (LCSP) establece que “*as centrais de contratación actuarán (...) celebrando Acordos Marco (..)*”, e no punto 4 establece que “*Nos acordos marco de contratación centralizada poderán celebrarse contratos baseados entre as empresas parte do acordo marco*”.

Considerando que o artigo 229.7 LCSP, establece “*Nos casos nos que o órgano de contratación dos contratos baseados nun acordo marco, sexa a Xunta de contratación centralizada, e sexa necesario realizar unha segunda licitación, as actuacións relativas á licitación previas á adxudicación realizaranse con carácter xeral polo organismo destinatario da licitación*”.

Visto que constan no expediente os documentos esixidos pola Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, aos distintos suxeitos afectados nas distintas fases do contrato, incluídos os/as contratistas e subcontratistas.

Asemade, de conformidade coa Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o órgano de contratación tivo acceso á ferramenta informática de data mining, con sede na Axencia Estatal de Administración Tributaria de España, MINERVA, para a análise ex ante de risco de conflito de interese. Realizada a consulta, non se detectou a existencia de risco de conflito de interese (bandeiras vermellas) nin potenciais beneficiarios para os que non conste información de titularidades ou que consten como falecidos (bandeiras negras).



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato da Subministración de 546 ordenadores portátiles estándar (cas opcións: Sistema Operativo, LTE e Docking Station) no marco do PRTRcompoñente 11, inversión 3 e da Orde TER/836/2022. liña 4 (fondos Next Generation EU) mediante un contrato baseado no Acordo Marco 02/2020, para o subministro de ordenadores, portátiles, monitores e outras solucións de posto de traballo (Lote 4: Ordenadores portátiles estándar), da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización de Contratación do Estado á empresa HP Printing and Computing Solutions,S.L.U (NIF: B28260933) polos prezos e valor es ofertados, e conforme ao seguinte:

IMPORTE, SEN IVE	IVE (21%)	IMPORTE, CON IVE
406.567,98 €	85.379,28 €	491.947,26 €

O prazo máximo de entrega será de 30 días naturais, contados desde a adxudicación do contrato. Tal e como se establece no apartado 2.1 do “Documento de segunda licitación” todos os ordenadores entregaranse serigrafiados segundo as indicacións do servizo de Novas Tecnoloxías.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato para o ano 2023 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 23/926.4910.652.99 do vixente orzamento provincial.

Forma de pagamento: TOTAL

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade das subministracións co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2023064654	
Órgano xestor:	LA0006132	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Juan Gabriel Fernández García de la Rocha, Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra.

11.33330.- ADXUDICACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE 93 ORDENADORES PORTÁTILES SUPERIOR, MEDIANTE UN CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO 02/2020, DO SISTEMA ESTATAL DE CONTRATACIÓN CENTRALIZADA. (Expte.2023064666)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 24/11/2023, aprobou o expediente para a contratación, da Subministración de 93 ordenadores portátiles superior (cas opcións: Sistema Operativo, LTE, Docking Station, ampliación SSD e ampliación memoria) no marco do PRTR compoñente 11, inversión 3 e da Orde TER/836/2022. liña 4 (fondos Next Generation EU) mediante un contrato baseado no Acordo Marco 02/2020, para o subministro de ordenadores, portátiles, monitores e outras solucións de posto de traballo (Lote 5: Ordenadores portátiles superior), da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización de Contratación do Estado.

Así mesmo, no mesmo acordo apróbase o documento de segunda licitación (CSV: KMZCNHFU00K7SRBR) que rexerá dita contratación e dispónse a apertura do procedemento de adxudicación, invitando a presentación de proposicións ás empresas que forman parte do lote 5 do Acordo Marco 02/2020 do sistema estatal de contratación centralizada, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que remata ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 12 días hábiles, contados desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica Vortal.

O envío da invitación a través da Plataforma de Licitación Electrónica da Deputación de Pontevedra (VORTAL) realizouse o día 27 de novembro de 2023.

Visto o informe emitido en data 29 de novembro de 2023 polos técnicos do Servizo de Novas Tecnoloxías, mediante Resolución Presidencial nº 2023009209, de 1 de decembro de 2023, acordouse aprobar un novo documento de segunda licitación (CSV: P1BXNFZOITGP3KNA), que rectifica a cláusula 2.1 no relativo á licenza de sistema operativo da que deben dispoñer os ordenadores, permanecendo o resto do clausurado invariable; e substituíndo o anterior documento de segunda licitación. Así mesmo, acordouse reiniciar o prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 12 días hábiles, contados desde a data de envío desta resolución a través da plataforma licitación electrónica Vortal.



En data 01/12/2023, a través da Plataforma de Licitación Electrónica da Deputación de Pontevedra procedeuse a notificar as invitacións as empresas que forman parte deste acordo marco.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas en data 22/12/2023, procédese a descriptación e descarga das ofertas presentadas a través da plataforma Vortal, en data 22/12/2023.

As empresas presentadas á licitación son as seguintes:

- DELL COMPUTER, S.A. (NIF: A80022734)
- HP PRINTING AND COMPUTING SOLUTIONS S.L.U. (NIF: B28260933)
- TEKNOSERVICE (NIF:B41485228)

As seguintes empresas achegan escrito no que xustifican os motivos polos que non presentan oferta:

- ALGORITMOS, PROCESOS Y DISEÑOS, S.A. (NIF: A28634046)
- BECHTLE DIRECT, S.L.U. (NIF: B83029439)
- SEIDOR SOLUTIONS,SL (NIF: B61172219)

Os valores presentados nas ofertas son os seguintes:

HP Printing and Computing Solutions, S.L.U. (NIF: B28260933)

ARTIGO (CLAVE CATÁLOGO)		Unidades requiridas	DESCRIPCIÓN (descripción curta catálogo)	PREZO UNITARIO SEN IVE	IMPORTE ANTES DE IMPOSTOS
ORDENADOR PORTÁTIL SUPERIOR	05.01.00.0019	93	HP EliteBook 650.	570,00 €	53.010,00 €
LIC. SISTEMAS OPERATIVOS	05.02.00.0024	93	Windows 11 Pro OEM. Pro 64-bits.	125,00 €	11.625,00 €
AMPLIACIÓN DE MEMORIA RAM	05.03.00.0002	93	Ampliación memoria RAM (GB). 8.	30,00 €	2.790,00 €
AMPLIACIÓN DE ALMACENAMIENTO SSD	05.04.00.0002	93	Ampliación almacenamiento SSD (GB). 256.	30,00 €	2.790,00 €
OPCIÓN LTE	05.07.00.0002	93	Opción LTE	66,63 €	6.196,59 €
OTRAS OPCIONS DE INSTALACIÓN	05.08.00.0002	93	Outras opcións de instalación	30,00 €	2.790,00 €
DOCKING STATION (BASE CONEXIÓN)	05.09.00.0002	93	HP. HP USB-C Dock.	150,00 €	13.950,00 €
DESCONTO NOVA LICITACIÓN	05.90.00.0002				9.300,00 €
BASE IMPOÑIBLE:					83.851,59 €
IMPORTE TOTAL (impuestos incluidos):					101.460,42 €



Dell Computer, S.A. (NIF: A80022734)

ARTIGO (CLAVE CATÁLOGO)		Unidades requeridas	DESCRIPCIÓN (descripción curta catálogo)	PREZO UNITARIO SEN IVE	IMPORTE ANTES DE IMPUESTOS
ORDENADOR PORTÁTIL SUPERIOR	05.01.00.0021	93	Ordenador portátil superior. Dell. Latitude 5540	685.00 €	63,705.00 €
LIC. SISTEMAS OPERATIVOS	05.02.00.0006	93	Lic. SO. WINDOWS 10 . PROFESSIONAL	105.00 €	9,765.00 €
AMPLIACIÓN DE MEMORIA RAM	05.03.00.0003	93	Ampliación memoria RAM (GB). 8.	38.00 €	3,534.00 €
AMPLIACIÓN DE ALMACENAMIENTO SSD	05.04.00.0003	93	Ampliación almacenamiento SSD (GB). 256.	40.00 €	3,720.00 €
INCREMENTO POR INSTALACIÓN	05.05.00.0003	93	Incremento por instalación	0.00 €	0.00 €
EXTEN. GARANTÍA BÁSICA ADICIONAL 2 ANOS	05.06.00.0003	93	Garantía básica adicional 2 años	0.00 €	0.00 €
OPCIÓN LTE	05.07.00.0003	93	Opción LTE	70.00 €	6,510.00 €
OTRAS OPCIONES DE INSTALACIÓN	05.08.00.0003	93	Outras opcións de instalación	30.00 €	2,790.00 €
DOCKING STATION (BASE CONEXIÓN)	05.09.00.0009	93	Docking Station. DELL DOCK. WD19S	150.00 €	13,950.00 €
DESCONTO NOVA LICITACIÓN	05.90.00.0003				
BASE IMPOÑIBLE:					103,974.00 €
IMPORTE TOTAL (impuestos incluídos):					125,808.54 €



Teknoservice (NIF:B41485228)

ARTIGO (CLAVE CATÁLOGO)		Unidades requeridas	DESCRIPCIÓN (descripción curta catálogo)	PREZO UNITARIO SEN IVE	IMPORTE ANTES DE IMPUESTOS
ORDENADOR PORTÁTIL SUPERIOR	05.01.00.0016	93	Ordenador portátil superior. TTL. PORTATIL 15 V3.0.	460,75 €	42.849,75 €
LIC. SISTEMAS OPERATIVOS	05.02.00.0042	93	Lic. SO. Windows 11 Pro. Pro - 64 bits.	125,00 €	11.625,00 €
AMPLIACIÓN DE MEMORIA RAM	05.03.00.0008	93	Ampliación memoria RAM (GB). 8.	36,90 €	3.431,70 €
AMPLIACIÓN DE ALMACENAMIENTO SSD	05.04.00.0008	93	Ampliación almacenamiento SSD (GB). 256.	36,90 €	3.431,70 €
INCREMENTO POR INSTALACIÓN	05.05.00.XXX	93			0,00 €
EXTEN. GARANTÍA BÁSICA ADICIONAL 2 ANOS	05.06.00.XXX	93			0,00 €
OPCIÓN LTE	05.07.00.0008	93	Opción LTE.	52,00 €	4.836,00 €
OTRAS OPCIONS DE INSTALACIÓN	05.08.00.0008	93	Outras opcións de instalación.	30,00 €	2.790,00 €
DOCKING STATION (BASE CONEXIÓN)	05.09.00.0007	93	Docking Station. TTL. DOCKING.	128,00 €	11.904,00 €
DESCONTO NOVA LICITACIÓN	05.90.00.0008				18.599,67 €
BASE IMPOÑIBLE:					62.268,48 €
IMPORTE TOTAL (impuestos incluidos):					75.344,86 €



EMPRESA	IMPORTE, SEN IVE	IVE (21%)	IMPORTE, CO IVE
HP Printing and Computing Solutions, S.L.U.	83.851,59 €	17.608,83 €	101.460,42€
Dell Computer, S.A.	103.974,00 €	21.834,54 €	125,808.54 €
Teknoservice	62.268,48 €	13.076,38 €	75.344,86 €

De conformidade co informe de valoración do servizo de Novas Tecnoloxías de 27 de decembro de 2023 (CSV:IRD4TBTG7LZIIIRLY), que, en aplicación dos criterios de adxudicación automáticos establecidos no documento de nova licitación, outorga as seguintes puntuacións:

EMPRESA	PUNTUACIÓN	POSICIÓN
HP Printing and Computing Solutions, S.L.U.	82,06	1ª
Teknoservice	71,62	2ª
Dell Computer, S.A.	15,34	3ª

A empresa HP Printing and Computing Solutions S.L.U. (NIF: B28260933) é a que obtén maior puntuación (82,06 puntos) e non incorre en baixa temeraria, polo que é a empresa que resulta adxudicataria.

Considerando que todas as empresas invitadas á licitación teñen a obriga de presentar oferta ou informar ao organismo petitionario de que non poden dar cobertura ao contrato indicando as concretas características que impiden a súa participación no procedemento de licitación. O incumprimento desta obriga poderá dar lugar á exclusión temporal ou á resolución prevista na cláusula 26 do prego de cláusulas administrativas que rexe o Acordo marco para o subministro de ordenadores, portátiles, monitores e outras solucións de posto de traballo (AM02/2020).

Considerando que o artigo 227.2 da Lei 9/2017, de contratos del sector público (LCSP) establece que “*as centrais de contratación actuarán (...) celebrando Acordos Marco (..)*”, e no punto 4 establece que “*Nos acordos marco de contratación centralizada poderán celebrarse contratos baseados entre as empresas parte do acordo marco*”.

Considerando que o artigo 229.7 LCSP, establece “*Nos casos nos que o órgano de contratación dos contratos baseados nun acordo marco, sexa a Xunta de contratación centralizada, e sexa necesario realizar unha segunda licitación, as actuacións relativas á licitación previas á adxudicación realizáranse con carácter xeral polo organismo destinatario da licitación*”.



Visto que constan no expediente os documentos esixidos pola Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, aos distintos suxeitos afectados nas distintas fases do contrato, incluídos os/as contratistas e subcontratistas.

Asemade, de conformidade coa Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o órgano de contratación tivo acceso á ferramenta informática de data mining, con sede na Axencia Estatal de Administración Tributaria de España, MINERVA, para a análise ex ante de risco de conflito de interese. Realizada a consulta, non se detectou a existencia de risco de conflito de interese (bandeiras vermellas) nin potenciais beneficiarios para os que non conste información de titularidades ou que consten como falecidos (bandeiras negras).

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato da Subministración de 93 ordenadores portátiles superior (cas opcións: Sistema Operativo, LTE, Docking Station, ampliación SSD e ampliación memoria) no marco do PRTR compoñente 11, inversión 3 e da Orde TER/836/2022. liña 4 (fondos Next Generation EU) mediante un contrato baseado no Acordo Marco 02/2020, para o subministro de ordenadores, portátiles, monitores e outras solucións de posto de traballo (Lote 5: Ordenadores portátiles superior), da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización de Contratación do Estado á empresa HP Printing and Computing Solutions S.L.U. (NIF: B28260933) polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

IMPORTE, SEN IVE	IVE (21%)	IMPORTE, CON IVE
83.851,59 €	17.608,83 €	101.460,42€

O prazo máximo de entrega será de 30 días naturais, contados desde a adxudicación do contrato. Tal e como se establece no apartado 2.1 do “Documento de segunda licitación” todos os ordenadores entregaranse serigrafiados segundo as indicacións do servizo de Novas Tecnoloxías.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato para o ano 2023 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 23/926.4910.652.99 do vixente orzamento provincial.

Forma de pagamento: TOTAL



O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade das subministracións co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FAcE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2023064666	
Órgano xestor:	LA0006132.	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Juan Gabriel Fernández García de la Rocha, Xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra.

12.33331.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO PROXECTO DE DEMOLICIÓN DO PARQUE DE MAQUINARIA E RECUPERACIÓN AMBIENTAL DA PARCELA (Expte.2021064404)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 30 de decembro de 2021 (acordo nº 14.31135), encargou á empresa TRAGSA S.A. S.M.E. M.P., como medio propio da Deputación de Pontevedra, a execución de todas as actuacións derivadas da restauración ambiental da Xunqueira de Alba, con efectos do 1 de xaneiro de 2022 e ata o remate definitivo das actuacións da que trae causa dito encargo, de conformidade cos pregos de prescricións técnicas, os orzamentos retarifados e os proxectos que obran no expediente administrativo da súa razón.

Entre ditas actuacións atópase a relativa a “*Demolición do Parque de Maquinaria e recuperación ambiental da parcela*”, segundo o proxecto básico e de execución redactado pola empresa URBING, S.L., cun prazo de execución inicial de 5 meses, contado desde a data de formalización da acta de comprobación do reformulo, acto que tivo lugar o 7 de febreiro de 2023 entre representantes da empresa e a dirección facultativa, establecéndose nese intre como data para finalizar a obra o 7 de xullo de 2023; prazo ampliado ata o 7 de outubro de 2023 por acordo da Xunta de Goberno nº 22.32790 e prazo ampliado posteriormente ata o 7 de decembro de 2023 por acordo da Xunta de Goberno nº 11.33007, de data 29 de setembro de 2023.



A Xunta de Goberno en data 10 de novembro de 2023 (acordo nº 18.33163) autorizou a suspensión da execución do mencionado proxecto á vista da acta de paralización das obras asinada o 30 de outubro de 2023, quedando nese intre trinta e oito días para finalizar a obra. O 24 de novembro de 2023 reanudouse a actividade asinándose a correspondente acta de reinicio e establecendo como data para finalizar a obra o 31 de decembro de 2023.

O 19 de decembro de 2023 (núm. rexistro web2023069103) tivo entrada no Rexistro da Deputación de Pontevedra escrito da empresa TRAGSA a través do cal solicita a ampliación do prazo de execución do citado proxecto por un período de DOUS (2) MESES, xa que “(...) *por causas alleas ao desenvolvemento dos traballos recollidos no encargo, debido a climatoloxía tan variable que está a impedir a correcta execución dos traballos de formación de pradería con abono de cobertura que se ten que levar a cabo para a rexeneración da zona é necesario esperar a que seque o terreo para poder rematar os traballos.*

Cando o terreo estea nas condicións adecuadas, a duración dos traballos sería dunha semana; ademais, habería que engadir a duración para a primeira sega de aproximadamente vinte e cinco días desde a sementeira e sempre que se dean condicións climáticas óptimas ...”.

Con data 22 de decembro de 2023 emitiu informe a dirección facultativa recollendo que as causas alegadas de demora non son imputables á empresa, entendendo xustificada a concesión da ampliación do prazo de execución da obra en DOUS (2) MESES, ata o 29 de febreiro de 2024.

Consta no expediente informe conxunto emitido polos Xefes dos Servizos de Asistencia Intermunicipal e de Contratación, do Secretario e da Intervención, informando favorablemente a ampliación de prazo solicitada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Considerando.- Que o réxime xurídico dos encargos a medios propios ven determinado polos artigos da LCSP dedicados a estes (artigos 32 e 33), e en relación a TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, pola disposición adicional 24ª da LCSP e polo R.D. 69/2019, do 15 de febreiro.

Considerando.- Que da súa lectura conxunta conclúese que as relacións de TRAGSA cos poderes adjudicadores dos que son medios propios teñen natureza instrumental e non contractual, polo que a todos os efectos son de carácter interno, dependente e subordinado, estando obrigada a realizar, con carácter exclusivo, os encargos que aqueles lles encomenden.

Considerando.- Que a pesar de que nalgúns aspectos existe unha remisión expresa á LCSP, ningún dos preceptos nin normativa citada establece unha regulación concreta respecto aos prazos de execución dos proxectos obxecto de encargo; e por iso que razóns de seguridade xurídica e a aplicación analóxica das normas (artigo 4.1 do Código Civil), aconsellan acudir aos artigos da Lei de Contratos que, con carácter xeral, regulan esta materia.



Considerando.- Que o artigo 195.2 da LCSP sinala que se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos si se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederllo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor; o responsable do contrato emitirá un informe onde se determine se o retraso produciuse por motivos imputables ao contratista.

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001, establece que se a petición do contratista se formulase no último mes de execución do contrato, a Administración deberá resolver sobre a devandita petición antes dos quince días seguintes á terminación do mesmo. Durante este prazo de quince días, non poderá continuar a execución do contrato, o cal se considerará extinguido o día en que expiraba o prazo previsto se a Administración denegase a prórroga solicitada, ou non resolverse sobre ela.

Considerando.- Que de conformidade co establecido nas bases de execución do orzamento provincial a competencia para aprobar esta prórroga lle corresponde á Xunta de Goberno.

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Conceder á empresa TRAGSA S.A. S.M.E.M.P., como medio propio da Deputación de Pontevedra, unha prórroga de DOUS (2) MESES na execución do proxecto de demolición do parque de maquinaria e recuperación ambiental da parcela establecendo como data para finalizar a obra o 29 de febreiro de 2024.

13.33332.- APROBACIÓN DA PRÓRROGA DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO PROXECTO DE DEMOLICIÓN DA IMPRENTA PROVINCIAL (Expte. 2021064404)

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria celebrada o 30 de decembro de 2021 (acordo nº 14.31135), encargou á empresa TRAGSA S.A. S.M.E. M.P., como medio propio da Deputación de Pontevedra, a execución de todas as actuacións derivadas da restauración ambiental da Xunqueira de Alba, con efectos do 1 de xaneiro de 2022 e ata o remate definitivo das actuacións da que trae causa dito encargo, de conformidade cos pregos de prescricións técnicas, os orzamentos retarifados e os proxectos que obran no expediente administrativo da súa razón.

Entre ditas actuacións atópase a derivada da demolición da imprenta provincial, segundo o proxecto de actuacións redactado polo Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación (CSV Z9S9V26HDRMUKN9B), cun prazo de execución inicial de 4 meses, contado desde a data de formalización da acta de comprobación do reformulo, acto que tivo lugar o 10 de abril de 2023 entre os representantes da empresa e a dirección facultativa, establecéndose nese intre como data para finalizar a obra a do 10 de agosto de 2023; prazo ampliado ata o 10 de outubro de 2023 por acordo da Xunta de Goberno nº 23.32791 e prazo ampliado posteriormente ata o 10 de decembro de 2023 por acordo da Xunta de Goberno nº 12.33008, de data 29 de setembro de 2023.



A Xunta de Goberno, en data 10 de novembro de 2023 (acordo nº 17.33162), autorizou a suspensión da execución do mencionado proxecto á vista da acta de paralización das obras asinada o 30 de outubro de 2023, quedando nese intre corenta e un días para finalizar a obra. O 24 de novembro de 2023 reanudouse a actividade asinándose a correspondente acta de reinicio e establecendo como data para finalizar a obra o 3 de xaneiro de 2024.

O 19 de decembro de 2023 (núm. rexistro web2023069103) tivo entrada no Rexistro da Deputación de Pontevedra escrito da empresa TRAGSA a través do cal solicita a ampliación do prazo de execución do citado proxecto por un período de DOUS (2) MESES, xa que *“(…) por causas alleas ao desenvolvemento dos traballos recollidos no encargo, debido a climatoloxía tan variable que está a impedir a correcta execución dos traballos de formación de pradería con abono de cobertura que se ten que levar a cabo para a rexeneración da zona é necesario esperar a que seque o terreo para poder rematar os traballos.*

Cando o terreo estea nas condicións adecuadas, a duración dos traballos sería dunha semana; ademais, habería que engadir a duración para a primeira sega de aproximadamente vinte e cinco días desde a sementeira e sempre que se dean condicións climáticas óptimas ...”.

En data 22 de decembro de 2023 a dirección da obra emitiu informe recollendo que as causas alegadas de demora non son imputables á empresa, entendendo xustificada a concesión da prórroga do prazo de execución da obra en DOUS (2) MESES, ata o 3 de marzo de 2024.

Consta no expediente informe conxunto emitido polos Xefes dos Servizos de Asistencia Intermunicipal e de Contratación, do Secretario e da Intervención, informando favorablemente a ampliación de prazo solicitada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Considerando.- Que o réxime xurídico dos encargos a medios propios ven determinado polos artigos da LCSP dedicados a estes (artigos 32 e 33), e en relación a TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC, pola disposición adicional 24ª da LCSP e polo R.D. 69/2019, do 15 de febreiro.

Considerando.- Que da súa lectura conxunta conclúese que as relacións de TRAGSA cos poderes adjudicadores dos que son medios propios teñen natureza instrumental e non contractual, polo que a todos os efectos son de carácter interno, dependente e subordinado, estando obrigada a realizar, con carácter exclusivo, os encargos que aqueles lles encomenden.

Considerando.- Que a pesar de que nalgúns aspectos existe unha remisión expresa á LCSP, ningún dos preceptos nin normativa citada establece unha regulación concreta respecto aos prazos de execución dos proxectos obxecto de encargo; e por iso que razóns de seguridade xurídica e a aplicación analóxica das normas (artigo 4.1 do Código Civil), aconsellan acudir aos artigos da Lei de Contratos que, con carácter xeral, regulan esta materia.



Considerando.- Que o artigo 195.2 da LCSP sinala que se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos si se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor; o responsable do contrato emitirá un informe onde se determine se o retraso produciuse por motivos imputables ao contratista.

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001, establece que se a petición do contratista se formulase no último mes de execución do contrato, a Administración deberá resolver sobre a devandita petición antes dos quince días seguintes á terminación do mesmo. Durante este prazo de quince días, non poderá continuar a execución do contrato, o cal se considerará extinguido o día en que expiraba o prazo previsto se a Administración denegase a prórroga solicitada, ou non resolverse sobre ela.

Considerando.- Que de conformidade co establecido nas bases de execución do orzamento provincial a competencia para aprobar esta prórroga lle corresponde á Xunta de Goberno.

Á vista do exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Conceder á empresa TRAGSA S.A. S.M.E.M.P., como medio propio da Deputación de Pontevedra, unha prórroga de DOUS (2) MESES na execución do proxecto de demolición da imprenta provincial establecendo como data para finalizar a obra o 3 de marzo de 2024.

14.33333.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA.(Expte. 2022023348)

Antecedentes

1.- Bases reguladoras e convocatoria aprobadas pola Xunta de Goberno da Deputación, en sesión de 13 de maio de 2022, publicadas no BOPPO de 20 de maio de 2022.

Solicitaron subvención 28 concellos, para un total de 77 proxectos. A Xunta de Goberno, en sesións de 21 de outubro e 2 de decembro de 2022 concedeu subvencións aos 28 concellos solicitantes para un total de 75 proxectos (BOPPO de 21 de decembro de 2022).

2.- Apertura de novo prazo de presentación de solicitudes (BOPPO 19 de decembro de 2022).

Ao non esgotarse o crédito previsto inicialmente, a Xunta de Goberno en sesión de 2 de decembro de 2022, acordou abrir un segundo prazo de 30 días hábiles (20 de decembro de 2022 ao 31 de xaneiro de 2023) para a presentación de solicitudes, con independencia de que tiveran presentado ou non solicitude na primeira convocatoria e poñéndose a disposición de cada un deles de novo outros 50.000 euros como máximo.



Solicitaron subvención 41 concellos para 103 proxectos.

É obxecto deste informe formular proposta de concesión de subvencións aos concellos que presentaron solicitudes durante este segundo prazo para a redacción de cada un dos proxectos.

Consideracións

1ª Normativa aplicable.

- A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), é o marco regulador xeral no que debe incardinarse a actividade subvencional das Administracións públicas xa que a meirande parte dos seus preceptos son de carácter básico e, xa que logo, de preferente aplicación á lexislación autonómica contida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.
- Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.
- Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- A Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 30 de decembro de 2016 -núm.249- (OXSDEPPO) no seu artigo 4 relativo ao réxime xurídico das subvencións da Deputación enumera normativa aplicable entre a que recolle as convocatorias e bases reguladoras destas así como os actos administrativos ditados polos distintos órganos da Deputación.
- Bases reguladoras da convocatoria publicadas no BOPPO número 96, de 20 de maio de 2022.

2ª Beneficiarios. Financiamento e procedemento de concesión

De acordo coa base segunda poden ser beneficiarios os concellos da provincia de Pontevedra que estean adheridos á Rede Ágora na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e que teñan un censo de poboación inferior aos 50.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida aos últimos datos publicados.

Todos os concellos solicitantes teñen menos de 50.000 habitantes e adheríronse á Rede Ágora antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Existe crédito suficiente para a concesión das subvencións cuxa concesión se propón. Conforme á base terceira a liña de subvencións está dotada con 1.960.000 €, dos cales 960.000 son con cargo á aplicación 23/456.9420.762.10/2021 e 1.000.000 € con cargo á aplicación 23/456.9420.762.10, engadíndose ao crédito dispoñible en 600.000 €, por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial adoptado en sesión do día 21 de abril de 2023, con cargo á aplicación 23/456.9420.762.10/2022.



As subvencións outórganse polo procedemento de concorrencia non competitiva, segundo orde de entrada no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra (base reguladora quinta).

3ª Admisión, comprobación e validación técnica das solicitudes.

Realizouse a comprobación formal das solicitudes e requíronse as emendas que se estimaron procedentes en cada caso.

Polo que atinxe á validación técnica conforme ao previsto no punto 2 da base reguladora décimo primeira emitiuse, o 6 de outubro de 2023, informe polo arquitecto dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais Martín Barreiro Cruz, logo da fiscalización pola Intervención, (CSV: 4GWJFE79TK3PB2AD).

Non se supera o importe da dotación económica orzamentaria máxima prevista.

En data 22/09/2023 emitiuse dilixencia de emenda de erro en relación ao Informe de Validación Técnica relativo ás solicitudes de subvencións para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora, xa que no citado informe figuraba como título do proxecto para o cal solicitou subvención o Concello de Meaño *“Execución dunha senda peonil e ciclable por un tramo da rúa Ponte Dena-Abuín”*, cando debería dicir *“Execución dun acceso de mobilidade peonil amable próximo ao bordo costeiro en Seixiños”*.

4ª. Proposta de concesión e exclusións.

O punto 3 da base décimo primeira establece que a Xefatura de Servizos Administrativos de Infraestruturas e Vías Provinciais deberá emitir informe-proposta sobre a adecuación das solicitudes, no que se sinala a subvención máxima que lle corresponde a cada proxecto. Indicarase ademais o importe máximo que lle corresponde a cada concello, resultado da suma de todos os proxectos presentados por este. Así mesmo, relacionarase as solicitudes desestimadas, motivando as razóns das desestimacións.

Polo que respecta aos criterios de concesión, a base primeira dispón que a finalidade da convocatoria *“é impulsar a realización de proxectos de recuperación de espazos públicos no ámbito municipal para devolvellelos ás persoas, así como a creación de sendas peonís e/ou ciclables, para permitir a implantación de formas de desprazamento máis sostibles”*, establecéndose dúas casuísticas:

- *Caso 1: Recuperación de espazos que actualmente están ocupados por tráfico a motor para devolvellelos ás persoas.*
- *Caso 2: Creación ou mellora de espazos segregados para a circulación peonil e/ou ciclable (sendas peonís ou ciclables) anexas a vías existentes que non contén na actualidade con espazos adecuados para este tipo de usuarios.*

Aceptándose tamén proxectos que inclúan a combinación das dúas casuísticas”.



A base cuarta relativa aos requisitos, ademais de recoller as dúas casuísticas xa contempladas na base primeira, establece que:

“2.- Cada concello poderá solicitar a axuda para a redacción de tantos proxectos como desexe, para o cal deberá presentar unha solicitude independente por cada proxecto que se vaia redactar.

A base quinta, no seu derradeiro parágrafo, establece que *“cada concello presentará tantas solicitudes independentes como proxectos propoña para a redacción. No caso de que o concello presente varias solicitudes e a suma subvencionable supere o máximo establecido de 50.000 €, terase en conta a orde de entrada das solicitudes no Rexistro da Deputación de Pontevedra, de xeito que se subvencionarán co 90 % do custo de redacción do proxecto as solicitudes que cumpran os requisitos e o concello presente antes de chegar ao límite de 50.000 € subvencionables”.*

A base novena, no seu derradeiro parágrafo, establece que *“Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, para que nun prazo de (10) días hábiles a emende, indicándolle que, se non o fai, se terá por desistida da súa solicitude.”*

Polo que antecede, e visto o informe favorable da Intervención Xeral de data 05/12/2023 e co seguinte CSV: 0SD74Z7NC1L65AVC, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

PRIMEIRO:

- a) Excluir por motivos técnicos, en aplicación das bases primeira e cuarta, as solicitudes presentadas polos Concellos da Guarda e Tomiño para a redacción dos proxectos *“Senda na pista da Xunqueira”* e *“Itinerario peonil na alameda de Goián”*, respectivamente, polos motivos sinalados no informe técnico reflectidos na consideración 3ª.
- b) Excluir por exceder o custo máximo subvencionable, en aplicación das bases terceira e quinta, as solicitudes presentadas polos Concellos de Lalín e Redondela para a redacción dos proxectos *“Senda ciclable rolda leste – Pontiñas”*, *“Camiño escolar de subida a Portocabeiro”* e *“Recuperación do entorno da Igrexa de Tramaño”*, por seren as derradeiras solicitudes tras superarse o límite de 50.000 €.
- c) Excluir unha das solicitudes do Concello de Bueu ao abeiro do disposto na base cuarta relativa aos requisitos, onde se dispón que o concello deberá ser titular das vías e dos terreos nos que se redactarán os proxectos, ben porque sexa propietario ou ben porque dispoña dun dereito de uso ou cesión por tempo indefinido sobre estes; sendo o incumprimento deste requisito motivo de inadmisión, en relación ao proxecto *“Recuperación do borde litoral na praia de Portomaior Agreló”*.
- d) Excluir ao Concello de Poio ao abeiro do disposto na base oitava relativa á documentación, por non presentar as memorias coas superficies desagregadas para cada un dos proxectos: *“Recuperación de espazos públicos e mellora da mobilidade peonil. Fase 1. Rúa das Viñas”*, *“Recuperación de espazos públicos e mellora da mobilidade peonil. Fase 3. Travesía da Fonte”* e *“Recuperación de espazos públicos e mellora da mobilidade peonil. Fase 2. Camiño Pedreison e Camiño Tarrio”* (requirimento notificado o 08/08/2023).



e) Conceder as subvencións que se detallan no seguinte cadro:

PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E 2022023348 CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA							
Cód. expediente	Data e hora de rexistro da solicitude	Concello	Título do proxecto	Custo estimado	90% do custo estimado	Contía solicitada polo concello	Total contía concello
2023002309	10/01/23 10:09	A CAÑIZA	ACONDICIO RÚA ROSALÍA DE CASTRO E CONSOLIDACIÓN DOS CAMIÑOS DA SÚA CONTORNA	17.787,00	16.008,30	16.008,30	46.064,70 €
2023002304	10/01/23 10:40		ACONDICIONA CONTORNA DA CAPELA DOS REMEDIOS NO NÚCLEO DA MIÑOTEIRA	18.029,00	16.226,10	16.226,10	
2023002291	10/01/23 10:46		ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS NO NÚCLEO DE BUEIXOS	15.367,00	13.830,30	13.830,30	
2023006402	31/01/23 14:55	A GUARDA	SENDA CAMIÑO DE FONTEBOA DENDE SEXTAS A BALIÑOS	11.471,09	10.323,98	10.323,98	39.267,43 €
2023006403	31/01/23 15:06		SENDA N ARÚA CAVACOS	6.541,82	5.887,64	5.887,64	
2023006408	31/01/23 15:22		SENDA NO CAMIÑO TRASLAJO	8.704,11	7.833,70	7.833,70	
2023006411	31/01/23 17:22		SENDA EN ALOQUEIRO	16.913,45	15.222,11	15.222,11	
2023006101	31/01/23 17:22	A LAMA	MELLORA DA ACCESIBILIDADE E A SEGURIDADE PEONIL NO ENTORNO DA RÚA ALAMEDA	5.929,00	5.336,10	5.336,10	5.336,10 €
2023006059	30/01/23 13:26	AGOLADA	RECUPERACION E HUMANIZACION DA AVDA DO IRYDA	14.100,00	12.690,00	12.690,00	49.680,00 €
2023006068	30/01/23 13:33		RECUPERACION E HUMANIZACION VIALES RODEAN PRAZA ALAMEDA BANDA DE BRANTEGA E AVDA IRYDA	14.100,00	12.690,00	12.690,00	
2023006071	30/01/23 13:38		RECUPERACION E HUMANIZACION VIAL CAMINO A FERREIROA DESDE AVDA IRYDA A CEMITERIO MUNICIPAL	13.900,00	12.510,00	12.510,00	
2023006078	30/01/23 13:44		RECUPERACION E HUMANIZACION DA AVDA DA CIRCUNVALACION	13.100,00	11.790,00	11.790,00	



PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E 2022023348 CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA							
Cód. expediente	Data e hora de rexistro da solicitude	Concello	Título do proxecto	Custo estimado	90% do custo estimado	Contía solicitada polo concello	Total contía concello
2023006319	31/01/23 14:13	ARBO	PROXECTO DE MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO ENTORNO DE BARCELA-ARBO	19.335,80	17.402,22	17.402,22	17.402,22 €
2023005818	27/01/23 13:47	AS NEVES	RECUPERACIÓN DO ESPAZO PEONIL E MELLORA DA CALIDADE E CONECTIVIDADE DE ESPAZOS E PERCORRIDOS DO SISTEMA DE CENTRAL DE PRAZAS DE AS NEVES (PRAZA MAIOR, PRAZA DA CRISTIANDADE E RÚA JOSÉ GIL)	55.555,55	50.000,00	50.000,00	50.000,00 €
2023006420	31/01/2023 19:59	BAIONA	ADECUACIÓN Y PUESTA EN VALOR DE RÚA HORTAS REAIS. BAIONA	12.500,00	11.250,00	11.250,00	45.000,00 €
2023006415	31/01/23 19:37		ADECUACIÓN Y PUESTA EN VALOR DE “RÚA DOUTOR JOSE VIAÑO VISO Y CAMIÑO O PIÑEIRO”, EN EL ENTORNO DE LA EX-COLEXIATA DE SANTA MARÍA - BAIONA	10.000,00	9.000,00	9.000,00	
2023006417	31/01/23 19:46		REGENERACIÓN Y PUESTA EN VALOR DEL RUEIRO TRADICIONAL “CAMIÑO DO CASTRO E CAMIÑO DA RENDEIRA”, O BURGO - BAIONA	12.500,00	11.250,00	11.250,00	
2023006418	31/01/23 19:53		PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DAS RÚAS PUENTE E VISO DE CALVOS EN SABARÍS	15.000,00	13.500,00	13.500,00	
2023006150	31/01/23 9:46	BUEU	PROXECTO HUMANIZACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE MONTEMOGOS	21.780,00	19.602,00	19.602,00	19.602,00
2023006089	30/01/23 12:52	CALDAS DE REIS	ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DA IGREXA DE CARRACEDO, O CAMPO DEPORTIVO E OS SEUS ACCESOS.	22.152,10	19.936,88	19.936,88	50.000,00 €



PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E 2022023348 CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA							
Cód. expediente	Data e hora de rexistro da solicitude	Concello	Título do proxecto	Custo estimado	90% do custo estimado	Contía solicitada polo concello	Total contía concello
2023031155	<i>xerado a partir da solicitude única (089)</i>		PROXECTO PARA A MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NAS RÚAS SOUTO MARÍA LÓPEZ (A) E (B)	16.701,73	15.031,56	15.031,56	
2023031163	<i>xerado a partir da solicitude única (089)</i>		PROXECTO DE INTERVENCIÓN NO NÚCLEO DE TIVO	16.701,73	15.031,56	15.031,56	
2023006432	31/01/23 15:18	CAMBADOS	MELLORA ESTÉTICA E FUNCIONAL DE ENCLAVES TURÍSTICOS NO CASCO HISTÓRICO DE CAMBADOS	17.545,00	15.790,50	15.790,50	15.790,50 €
2023000389	02/01/23 14:38	CANGAS	HUMANIZACIÓN DO ÁMBITO DA RÚA DO FERROL	20.509,50	18.458,55	18.458,55	44.996,68 €
2023004624	19/01/23 13:58		HUMANIZACIÓN DO ÁMBITO DA PRAZA DO CENTRO DE SAÚDE CANGAS DO MORRAZO	14.737,81	13.264,03	13.264,03	
2023004623	19/01/23 14:29		ACCESIBILIDADE DO ÁMBITO DOS ACCESOS Ó CENTRO DE SAÚDE CANGAS DO MORRAZO	14.749,00	13.274,10	13.274,10	
2023005056	23/01/23 11:34	CATOIRA	CREACIÓN DE SENDA PEONIL PARA A RECUPERACIÓN DO TRAMO DE CAMIÑO REAL ENTRE O NÚCLEO DE ABALO E O MIRADOR DA RÍA. TM DE CATOIRA	24.563,00	22.106,70	22.106,70	39.639,60 €
2023005037	23/01/23 11:46		CONEXIÓN PEONIL ENTRE O CENTRO URBÁN E OS ENCLAVES TURÍSTICOS DE PEDRAS MIÚDAS. TM DE CATOIRA	19.481,00	17.532,90	17.532,90	
2023003987	17/01/23 13:24	CERDEDO-COTOBADE	RECUPERACION DO ESPAZO PARA USO PEONIL NO ENTORNO DA IGREXA DE SAN MIGUEL DE CARBALLEDO	13.915,00	12.523,50	12.523,50	44.975,70 €
2023004002	17/01/23 13:31		RECUPERACION DO ESPAZO PARA USO PEONIL NO NÚCLEO DE VIASCÓN	18.029,00	16.226,10	16.226,10	



PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E 2022023348 CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA							
Cód. expediente	Data e hora de rexistro da solicitude	Concello	Título do proxecto	Custo estimado	90% do custo estimado	Contía solicitada polo concello	Total contía concello
2023004008	17/01/23 13:49		RECUPERACION DO ESPAZO PARA USO PEONIL NO ENTORNO DA IGREXA E DO CEMITERIO DE VIASCÓN	18.029,00	16.226,10	16.226,10	
2023006113	31/01/20 11:54	GONDOMAR	ADECUACIÓN DE ESPACIO PÚBLICO EN EL CENTRO DE DESARROLLO LOCAL (CDL). AS CERCAS - GONDOMAR	14.500,00	13.050,00	13.050,00	49.500,00 €
2023006110	31/01/23 11:42		ADECUACIÓN DE ESPACIO PÚBLICO EN EL ENTORNO DE LA CAPILLA DE AS MERCEDES. CHAÍN – GONDOMAR	13.000,00	11.700,00	11.700,00	
2023006111	31/01/23 12:39		ADECUACIÓN DE ESPACIO PÚBLICO EN EL ENTORNO DEL PUENTE DE OS ARCOS. VINCIOS	13.000,00	11.700,00	11.700,00	
2023006114	31/01/23 12:45		HUMANIZACIÓN DE LA PLAZA MANUEL ALONSO PÉREZ Y SU ENTORNO	14.500,00	13.050,00	13.050,00	
2023006091	30/01/23 12:08	LALÍN	SENDA PEONIL E CICLABLE: ALTO DE VALES-FRAGA DE CATASOS	44.479,60	40.031,64	40.031,64	40.031,64 €
2023005582	26/01/23 13:14	MARÍN	HUMANIZACIÓN DA RUA MENDEZ NUÑEZ	15.125,00	13.612,50	13.612,50	27.225,00 €
2023005626	27/01/23 10:38		HUMANIZACION DA RUA FRANCISCO LANDIN PAZOS	15.125,00	13.612,50	13.612,50	
2023006074	30/01/23 13:55	MEAÑO	EXECUCIÓN DUN ACCESO DE MOBILIDADE PEONIL AMABLE, PRÓXIMO AO BORDO COSTEIRO EN SEIXIÑOS	18.222,22	16.400,00	16.400,00	16.400,00 €
2023005824	27/01/23 14:16	MEIS	CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS NA ANTIGA PO-300 E RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS NO NÚCLEO RURAL DE ZACANDE	50.000,00	45.000,00	45.000,00	45.000,00 €



PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E 2022023348 CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA							
Cód. expediente	Data e hora de rexistro da solicitude	Concello	Título do proxecto	Custo estimado	90% do custo estimado	Contía solicitada polo concello	Total contía concello
2023006335	31/01/23 14:19	MOAÑA	PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DA TRAVESÍA CTRA. DA PRAIA EN MEIRA-MOAÑA	11.313,50	10.182,15	10.182,15	25.972,65 €
2023006355	31/01/23 14:31		PROXECTO DE HUMANIZACIÓN DO CAMIÑO DA IGREXA DE MEIRA, DO CAMIÑO O CEMITERIO, DO CAMIÑO FONTE PASTORIZA (HOXE RÚA DE D. MANUEL DUARTE TRONCEDA) E DO CAMIÑO AO RÍO DO FARO, EN MEIRA- MOAÑA	17.545,00	15.790,50	15.790,50	
2023006131	31/01/23 13:15	MONDARIZ BALNEARIO	HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DA PRAZA DE ABASTOS	9.075,00	8.167,50	8.167,50	8.167,50 €
2023006134	31/01/23 13:12	MORAÑA	MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL NA RUA N 1 DE SANTA LUCIA	3.630,00	3.267,00	3.267,00	15.572,70 €
2023006309	31/01/23 13:45		CREACION DE SENDA PEONIL ENTRE A ZONA DE O BUELO E A RUA N 7	4.840,00	4.356,00	4.356,00	
2023006313	31/01/23 13:51		RECUPERACION DE ESPAZO PUBLICO NA ZONA DEPORTIVA DA RUA N 7	3.630,00	3.267,00	3.267,00	
2023006317	31/01/23 14:13		HUMANIZACION DO CAMIÑO PRINCIPAL DO LUGAR DE MOS	5.203,00	4.682,70	4.682,70	
2023005999	30/01/23 21:16:05	MOS	MELLORA DA CONTORNA DA IGREXA DE SANQUIÑEDA. BARRIO DE PIÑEIRO. PARROQUIA DE SANGUIÑEDA-MOS	45.387,97	40.849,10	40.849,10	40.849,10
2023006390	31/01/23 14:34	NIGRÁN	PASEANDO E EN BICI Á PRAIA	55.500,00	49.950,00	49.550,00	49.550,00 €
2023005798	27/01/23 12:05	O ROSAL	RECUPERACIÓN DE ESPAZO PEONIL E MELLORA DA CALIDADE URBANA NO NÚCLEO DE PANCENTEIO	8.463,95	7.617,56	7.617,56	49.996,00 €



PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E 2022023348 CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA							
Cód. expediente	Data e hora de rexistro da solicitude	Concello	Título do proxecto	Custo estimado	90% do custo estimado	Contía solicitada polo concello	Total contía concello
2023005806	27/01/23 12:21		RECUPERACIÓN DE ESPAZO PEONIL E MELLORA DA CALIDADE URBANA EN FUCHEIROS - A LOMBA	18.355,70	16.520,13	16.520,13	
2023005811	27/01/23 12:31		RECUPERACIÓN DE ESPAZO PEONIL E MELLORA DA CALIDADE URBANA NO NÚCLEO DE SAN XIAN DE PORTOCELO	11.101,75	9.991,58	9.991,58	
2023005836	27/01/23 18:03		HUMANIZACIÓN DA CONTORNA DA IGREXA DE SAN BARTOLOMEU	17.629,70	15.866,73	15.866,73	
2022075913	23/12/22 11:11	PAZOS DE BORBÉN	REFORMA DA CONTORNA DA IGREXA DE SAN PAIO DE MOSCOSO	18.029,00	16.226,10	16.226,10	32.452,20 €
2022075907	23/12/22 11:21		REFORMA DA CONTORNA DO CAMPO DA FEIRA DE MOSCOSO	18.029,00	16.226,10	16.226,10	
2023005620	26/01/23 10:37	PONTE CALDELAS	MELLORA DA ACCESIBILIDADE E A SEGURIDADE PEONIL NO ENTORNO DA IGREXA DE SANTA MARIÑA DA INSUA	7.623,00	6.860,70	6.860,70	24.066,90 €
2023005625	26/01/23 10:20		MELLORA DA ACCESIBILIDADE E A SEGURIDADE PEONIL NO ENTORNO DA IGREXA DE SAN MARTÍN DE XUSTÁNS	6.292,00	5.662,80	5.662,80	
2023005622	26/01/23 10:26		MELLORA DA ACCESIBILIDADE E A SEGURIDADE PEONIL NO ENTORNO DA ERMIDA DE SAN MIGUEL DE VILARCHÁN	8.107,00	7.296,30	7.296,30	
2023005621	26/01/23 10:31		MELLORA DA ACCESIBILIDADE E A SEGURIDADE PEONIL NO ENTORNO DA CAPELA DA INMACULADA CONCEPCIÓN DE SILVOSO	4.719,00	4.247,10	4.247,10	
2023006422	31/01/23 20:32	PONTEAREAS	RECUPERACIÓN PARA USO PEONIL E/OU CICLABLE DE VARIAS RÚAS CONECTADAS	55.556,00	50.000,00	50.000,00	50.000,00 €



PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E 2022023348 CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA							
Cód. expediente	Data e hora de rexistro da solicitude	Concello	Título do proxecto	Custo estimado	90% do custo estimado	Contía solicitada polo concello	Total contía concello
			COS ESPAZOS XA RECUPERADOS PREVIAMENTE EN ANTERIORES ACTUACIÓNS E AMPLIACIÓN DA LONXITUDE DAS SENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES EXECUTADAS EN ACTUACIÓNS ANTERIORES PARA CONECTAR OS CENTROS EDUCATIVOS CO CASCO				
2023005424	25/01/23 14:24	PORRIÑO	ACONDICIONAMENTO DE SENDA PEONIL EN CENTEÁNS. PONTELLAS	14.000,00	12.600,00	12.600,00	50.000,00 €
2023005421	25/01/23 14:38		ACONDICIONAMENTO DE ACCESO PEONIL ÁS PARADAS DO BUS INTERURBANO NA ZONA DOS POLIGONOS INDUSTRIAIS	16.000,00	14.400,00	14.000,00	
2023005419	25/01/23 14:44		HUMANIZACIÓN RÚA NAVUXIL E 1ª E 2ª TRAVESIA ANTONIO PALACIOS	18.000,00	16.200,00	16.200,00	
2023005417	25/01/23 14:48		DOTACIÓN DE BEIRARRÚA FASE I- ROTONDA A MOTA EN TORNEIROS	8.000,00	7.200,00	7.200,00	
2023006116	31/01/20 11:39	REDONDELA	CREACION DUN ESPAZO PEONIL NA CONTORNA DA ESCOLA DE IGREXA EN VENTOSELA	10.042,21	9.037,00	9.037,00	43.130,87 €
2023006148	31/01/223 11:59		REURBANIZACION DA RUA PREGO DE MONTAOS	8.655,04	7.789,00	7.789,00	
2023006118	31/01/23 11:47		REURBANIZACION DA RUA MURO	11.111,03	9.999,00	9.999,00	
2023006103	31/01/23 11:55		REURBANIZACION DA RUA DAS CARDOSAS, A RUA SALGUEIRAL E A SUA CONTINUACION POLA AVENIDA ERNESTINA OTERO	18.117,63	16.305,87	16.305,87	



PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E 2022023348 CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA							
Cód. expediente	Data e hora de rexistro da solicitude	Concello	Título do proxecto	Custo estimado	90% do custo estimado	Contía solicitada polo concello	Total contía concello
2023006137	31/01/23 12:44	SALCEDA DE CASELAS	PROXECTO DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS DA RÚA BRASIL E TRAMO DA AVENIDA DE GALICIA	15.609,00	14.048,10	14.048,10	30.383,10 €
2023006136	31/01/23 12:58		PROXECTO DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO	18.150,00	16.335,00	16.335,00	
2023006093	30/01/23 14:31	SALVATERRA DE MIÑO	RECUPERACIÓN DO ESPAZO PARA USO PEONIL NO ENTORNO DA FORTALEZA DE SALVATERRA DE MIÑO (FASE III)	18.029,00	16.226,10	16.226,10	44.975,70 €
2023006082	30/01/23 9:06		RECUPERACIÓN DO ESPAZO PARA USO PEONIL NO NÚCLEO RURAL DE LEIRADO	15.972,00	14.374,80	14.374,80	
2023006087	30/01/23 9:10		RECUPERACIÓN DO ESPAZO PARA USO PEONIL NO ENTORNO DA CAPELA DE SAN ROQUE	15.972,00	14.374,80	14.374,80	
2022076162	27/12/22 13:47	SANXENXO	HUMANIZACIÓN DO NÚCLEO RURAL DO OUTEIRO, DORRÓN	28.500,00	25.650,00	25.650,00	49.950,00 €
2023006154	31/01/23 13:41		HUMANIZACIÓN NA GRANXA DE ABAIXO E SENDA PEONIL DE BAIXADA A ÁREA DE AGRA	9.000,00	8.100,00	8.100,00	
2023006374	31/01/23 14:25		HUMANIZACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE AIOS	6.000,00	5.400,00	5.400,00	
2023006379	31/01/23 14:31		HUMANIZACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE MAGALÁNS	6.000,00	5.400,00	5.400,00	
2023006380	31/01/23 14:38		HUMANIZACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE PADRIÑÁN	6.000,00	5.400,00	5.400,00	
2023006362	31/01/23 14:21	SILLEDA	RECUPERACION ESPAZO PUBLICO NA ZONA URBANA DE SILLEDA	26.620,00	23.958,00	22.000,00	50.000,00 €



PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E 2022023348 CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA							
Cód. expediente	Data e hora de rexistro da solicitude	Concello	Título do proxecto	Custo estimado	90% do custo estimado	Contía solicitada polo concello	Total contía concello
2023006384	31/01/23 14:27		MELLORA DE MOBILIDADE PEONIL NA AVENIDA DO PARQUE SDE SILLEDA	16.966,90	15.270,21	14.000,00	
2023006386	31/01/23 14:42		SENDA PEONIL BANDEIRA-MOALDE	16.838,85	15.154,96	14.000,00	
2023006429	31/01/23 20:00	SOUTOMAIOR	HUMANIZACIÓN RÚA PEIRAO, 2ª FASE	10.534,56	9.481,10	9.481,10	9.481,10 €
2023006395	31/01/23 19:10	TOMIÑO	RECUPERACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO PARA AS PERSOAS NA RÚA GONDOMAR	12.300,00	11.070,00	11.070,00	49.950,00 €
2023006396	31/01/23 19:35		MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL ENTRE A RÚA DANIEL CALZADO E A AVDA. BAIXO MIÑO	13.300,00	11.970,00	11.970,00	
2023006397	31/01/23 19:43		RECUPERACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO PARA AS PERSOAS NA CONTORNA DA IGREXA DE STA. MARÍA DE TEBRA	15.200,00	13.680,00	13.680,00	
2023006400	31/01/23 19:50		MELLORA DA COMUNICACIÓN PEONIL ENTRE VARIOS EQUIPAMENTOS NA PARROQUIA DE SOBRADA	14.700,00	13.230,00	13.230,00	
2023006039	30/01/23 15:00	TUI	ACONDICIONAMENTO AVDA. CONCORDIA TRAMO V CORREDEIRA – CAM FRAM.	21.175,00	19.057,50	19.057,50	48.460,50 €
2023006016	30/01/23 20:19		ACONDICIONAMENTO DA CONEXIÓN ENTRE O RÍO MIÑO E A PO-552 A TRAVÉS DA IGREXA DE SANTA MARIÑA DE AREAS	32.670,00	29.403,00	29.403,00	
2022076395	29/12/22 10:15	VALGA	CREACIÓN DE SENDA PEONIL E CICLABLE DENDE O LUGAR DE CASTIÑEIRAS ATA O NUCLEO DE PONTE VAL	55.000,00	49.500,00	49.500,00	49.500,00 €
2023006053	30/01/23 14:41	VILA DE CRUCES	HUMANIZACION DO NUCLEO RURAL DE OBRA	4.132,63	3.719,37	3.719,37	3.719,37 €



PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E 2022023348 CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA							
Cód. expediente	Data e hora de rexistro da solicitude	Concello	Título do proxecto	Custo estimado	90% do custo estimado	Contía solicitada polo concello	Total contía concello
2023000131	29/12/22 10:15	VILABOA	HUMANIZACION NO ALCOUCE-FIGUEIRIDO	21.780,00	19.602,00	19.602,00	19.602,00 €
2023006099	31/01/23 8:39	VILAGARCIA DE AROUSA	PEONALIZACIÓN E HUMANIZACIÓN DA RÚA ESPERANZA	18.089,50	16.280,55	16.280,55	48.841,65 €
2023006102	31/01/23 8:43		PEONALIZACIÓN E HUMANIZACIÓN DA RÚA VICENTE RISCO EN UN TRAMO DA PRAZA DE ESPAÑA	18.089,50	16.280,55	16.280,55	
2023006105	31/01/23 8:49		HUMANIZACIÓN RÚA BOUZA DE ABAIXO (VILAXOÁN)	18.089,50	16.280,55	16.280,55	
1.440.532,91 €							

SEGUNDO.- O acordo resolvendo o procedemento notificaráselles aos concellos interesados e publicarase no BOPPO. Unha vez publicada a resolución de concesión, entenderase que os concellos aceptan as subvencións cando transcorran dez (10) días contados desde o día seguinte ao da publicación, salvo que estes expresamente as rexeiten no prazo de dez (10) días e sen prexuízo da notificación.

15.33334.- APROBACIÓN POR RECOÑOCEMENTO EXTRAJUDICIAL DAS CERTIFICACIÓNS NÚM.5 E NÚM.6 DA OBRA “REPOSICIÓN DE FIRME NA EP 6410 BODAÑO-MERZA, DO PQ 0+000 AO PQ 6+010 (CONCELLO DE VILA DE CRUCES)” (Expte. 2023000959)

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 9 de xuño de 2023, adxudicou a obra “Reposición de firme na EP 6410 Bodaño-Merza, do PQ 0+000 ao PQ 6+010 (Concello de Vila de Cruces)” á empresa “Francisco Gómez y Cía, SL” (NIF B15009533) por importe total de 428.822,00€ (IVE engadido) e cun prazo de execución de CATRO (4) MESES.

En data 02/11/2023 o contratista achegou a través do Rexistro electrónico de entrada da Deputación, a acta de paralización da obra solicitando a suspensión por mor da climatoloxía adversa derivada dos temporais dos últimos meses do ano que impediu realizar as unidades de obra do contrato con efectos dende o 2 de novembro de 2023.



Posteriormente, en data 20/11/2023 achega a acta de reinicio das obras con efectos dende esta mesma data, na que fai constar que *“Por mor da climatoloxía propia desta época do ano, suspendéranse as obras con data 2 de novembro de 2023, por non ser posible realizar nesas condicións as unidades de obra do contrato. Sen embargo o pronóstico meteorolóxico para esta semana é favorable, o cal xunto coa dispoñibilidade de medios da que dispón o contratista para traballar neste semana, propicia que se levante acta de reinicio de obras”*.

Non consta no expediente a aprobación da suspensión da execución do contrato pola Xunta de Goberno da Corporación Provincial.

Remitidas a Intervención as solicitudes de fiscalización das certificacións núm. 5 e núm. 6, esta devólveas informadas en datas 20/12/2023 e 22/12/2023, respectivamente, concluíndo que *“dado que as unidades de obra que se certifican xa se executaron, procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de recoñecemento extraxudicial de crédito”*. Así mesmo, fai constar no informe da certificación núm. 5 de data 20/12/2023 que *“Apréciase unha demora na expedición da certificación, xa que non cumpriu o prazo dos 10 días seguintes ao mes que corresponde (art. 240 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público)”*. Tamén en ambos informes se fai constar que *“Se ben constan no expediente unha acta de paralización e outra de reinicio de datas 02 e 20 de novembro de 2023 respectivamente, non consta a aprobación da suspensión de execución do contrato”*.

Considerando que por disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta ó Ilmo. Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en cota o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do presuposto do exercicio 2023, concretamente na base 17.1, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Único.- Autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial das seguintes obrigas:

- Certificacións núm. 5 e núm. 6 da obra *“Reposición de firme na EP 6410 BodañoMerza, do PQ 0+000 ao PQ 6+010 (Concello de Vila de Cruces)”*, debendo librarse os seus importes con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

EMPRESA	Aplicación orzamentaria	Certificación nº	Importe
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, SL (NIF B15009533)	23/456-4530-612.01.2022	5	399.228,63 €
		6	29.593,37 €
SUBTOTAL			428.822,00 €
Taxa dirección de obra (4% PEM adx.)		5	11.090,45 €
		6	822,09 €
Control de calidade (3% PEM licit.)		5	9.036,54 €
		6	669,85 €
Total descontos			21.618,93 €
Líquido a percibir		5	379.101,64 €
		6	28.101,43 €
TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR			407.203,07 €



16.33335.- APROBACIÓN POR RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DA CERTIFICACIÓN NÚM. 1 (ÚNICA) DA OBRA DE EMERXENCIA PARA “REPARACIÓN DE TALUD NA EP 0001 BÉRTOLA-CANICOUVA-PONTE SAMPAIO, PQ 3+380 (CONCELLO DE PONTEVEDRA)”.(Expte. 2023065508)

O Presidente, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, o día 31 de outubro de 2023, ditou a Resolución núm. 2023008171 polo que se adjudicou a obra de emerxencia para “Reparación de Talud na EP 0001 Bértola-Canicouva-Ponte Sampaio, PQ 3+380 (Concello de Pontevedra)” á empresa “Cantería y Obras Manuel Vaqueiro, SL” (NIF B27783463) por importe total de 120.000,00 € (IVE engadido) e cun prazo de execución de CATRO (2) MESES.

No Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 24 de novembro de 2023 deuse conta desta resolución presidencial declarando a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da devandita obra.

En data 01/12/2023 o contratista achegou a través do Rexistro electrónico de entrada da Deputación, certificación núm. 1 e única das obras realizadas cuxo importe ascendeu a 109.141,02 € (IVE engadido).

O día 13/12/2023 a directora de obra xustifica a obra realizada para a súa recepción e informa favorablemente a tramitación e o pago da certificación emitida.

Consta no expediente a Acta de Recepción de obra Positiva de data 13 de decembro de 2023.

Remitida a Intervención a solicitude de fiscalización da certificación núm. 1 é única, esta devólvea informada en data 22/12/2023 concluíndo que *“dado que as unidades de obra que se certifican xa se executaron, procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de recoñecemento extraxudicial de crédito”*, e facendo as seguintes observacións:

“Segundo o disposto no apartado 4º da base 16 das Bases de execución do Orzamento da Deputación de 2023 (BEO) o órgano interventor asistirá a recepción material de todos os contratos, agás os contratos menores.

Ademais, a instrución de contratación aprobada por RP 2022000388 (3ª modificación) establece no punto 14.1. “Recepción con asistencia preceptiva dun representante da Intervención” que están suxeitos á intervención da comprobación material do investimento con asistencia dun representante da Intervención ao acto de recepción, todos os contratos, agás os contratos menores e aqueles outros que pola súa natureza non admitan a realización dun acto de recepción.

Se ben consta no expediente acta de recepción asinada pola dirección de obra, non se solicitou a esta Intervención a designación de representante da Intervención para a recepción deste investimento.

A acta de recepción carece de sinaturas dixitais e a Intervención Provincial non foi requirida para a comprobación e recepción das obras, infrinxindo por tanto a instrución de contratación aprobada por RP 202200388 (3ª modificación).

A pesares de que a consecución dos feitos dende o coñecemento dos danos que ocasionaron a obra de emerxencia non se demorou excesivamente, as actuacións pertinentes deberían facerse con maior axilidade, xa que este tipo de obras requiren unha actuación inmediata para evitar posibles riscos”.



Considerando que por disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta ó Ilmo. Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en cota o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do presuposto do exercicio 2023, concretamente na base 17.1, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Único.- Autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial da seguinte obriga:

- Certificación núm. 1 (única) da obra de emerxencia para “*Reparación de Talud na EP 0001 Bértola-Caniconva-Ponte Sampaio, PQ 3+380 (Concello de Pontevedra)*”, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

EMPRESA	Aplicación orzamentaria	Importe
CANTERÍA Y OBRAS MANUEL VAQUEIRO, SL” (NIF B27783463)	23/456-4530-612.01	109.141,02 €
Taxa Técnicos Directores (4% PEM Adx)		3.031,91 €
Total descontos		3.031,91 €
TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR		106.109,11 €

17.33336.- APROBACIÓN POLO PROCEDEMENTO DE VALIDACIÓN DO ABONO DA SUBVENCIÓN CORRESPONDENTE Á CONVOCATORIA PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS OU EXECUCIÓN DE OBRAS DE MOBILIDADE AMABLE E RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS DOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA, AO CONCELLO DE CERDEDO-COTABADE POLO PROXECTO DE RECUPERACIÓN DO ESPAZO PÚBLICO NA PARROQUIA DE TENORIO(Expte. 2021018525)

1º.-Por Acordo da Xunta de Goberno nº7.29900 na súa sesión de data 12 de febreiro de 2021 acordou a aprobación das Bases Reguladoras para a convocatoria de subvencións para a redacción de proxectos (eixe 1) ou execución de obras (eixe 2) de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da rede Ágora, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 37, de data 24 de febreiro de 2021.

Este plan elabórase para dar cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e colaborar cos concellos na recuperación do espazo público en favor das persoas.

2º.-Segundo o establecido nas bases reguladoras, a finalidade desta convocatoria é impulsar a realización de proxectos de recuperación de espazos públicos no ámbito municipal para devolvérrellos ás persoas, así como a creación desendas peonís e/ou ciclables, para permitir a implantación de formas de desprazamento máis sostibles. Preténdese axudar os concellos a crearen espazos públicos de calidade para as persoas, que, ao mesmo tempo, favorezan o crecemento económico, a cohesión social e a defensa do medio coa finalidade de garantir unha mellor calidade de vida para a cidadanía



3º.-Por Acordo da Xunta de Goberno nº 20.30692 na súa sesión de data 6 de agosto de 2021 adxudicoulle ao Concello de Cerdedo-Cotobade unha subvención por un importe máximo de 50.000,00 € (eixe 1). Esta subvención financiarase, de acordo coa base terceira da convocatoria, con cargo ás aplicacións 21/456.9420.762.10.2020 (eixe 1) ou 21/456.9420.762.11.2020 (eixe 2).

4º.-Con data 12 de agosto de 2022 o *Concello de Cerdedo-Cotobade* remitiu á Deputación de Pontevedra o proxecto de recuperación do espazo público.

5º.- Con data 27 de outubro de 2022 os servizos técnicos da Deputación notificaron o Informe de adecuación técnica (CSV: T'ZPSAFSA7OGFWTPS) desfavorable.

6º.-Con data 8 de novembro de 2022 o *Concello de Cerdedo-Cotobade* remite o proxecto técnico:

- Proxecto de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos no ámbito municipal, referido a obras completas; é dicir, as susceptibles de ser destinadas ao uso xeral ou ao servizo correspondente, sen prexuízo de posteriores ampliacións, que comprenden todos e cada un dos elementos que son precisos para a utilización da obra.

7º.- Con data o día 15 de xuño de 2023 os servizos técnicos da Deputación revisan a documentación presentada e confirman a inadecuación técnica do proxecto respecto das bases, téndose notificado este informe de inadecuación técnica (CSV: T'GPIFUNFX3Y54LEM) o día 6 de setembro de 2023.

8º.- De acordo co disposto nas base décimo quinta da convocatoria “*Unha vez recibido o proxecto na Deputación, as técnicas e técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais valorarán o cumprimento dos obxectivos, criterios e requisitos mínimos establecidos nestas bases e no Prego de prescricións técnicas especificados no anexo I e comprobarán que a superficie de espazo público gañada para as e os peóns é, como mínimo, a indicada na memoria presentada coa solicitude de subvención. Segundo o anterior, emitirán un informe de validación que se lle remitirá ao Concello no prazo máximo de tres (3) meses*”; habendo transcorrido máis de tres meses dende a recepción do proxecto o 8 de novembro de 2022 e a emisión do informe de validación técnica, o cal foi emitido o 15 de xuño de 2023.

9º.- O día 12 de setembro de 2023 os servizos técnicos da Deputación reúnen cos redactores para avaliar detalladamente o proxecto cos redactores, e confirman que si existe un itinerario peonil continuo de 2,5 m de largo. Anulando así o anterior informe de adecuación técnica desfavorable con data 15 de xuño de 2023 (CSV: T'GPIFUNFX3Y54LEM). Sinálase nesa xuntanza que aínda debe entregarse o informe de técnico municipal.

10º.- O día 13 de setembro de 2023 o *Concello de Cerdedo-Cotobade* envía o informe do técnico municipal, que resulta incompleto.

11º.- O día 22 de setembro de 2023 o *Concello de Cerdedo-Cotobade* envía un novo informe do técnico municipal.



12º.- En data 25 de setembro de 2023 os servizos técnicos da Deputación de Pontevedra emiten informe de validación técnica favorable (CSV: TGPIFUNFX3Y54LEM) respecto das bases.

13º.- En data 2 de novembro de 2023, o Concello de Cerdedo-Cotobade remite documentación xustificativa para o abono da subvención para a redacción de proxectos de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da rede Ágora. Recibida a devandita documentación en prazo polo Servizo de Mobilidade Alternativa e Espazos Públicos, compróbase que esta inclúe, de acordo coas bases décimo cuarta e décimo quinta da convocatoria, o seguinte:

- Certificado dunha técnica/-o municipal que "acredite os requisitos da base 4ª e que a superficie de espazo público gañada para as e os peóns é, como mínimo, a indicada na memoria presentada coa solicitude de subvención."
- Certificado conforme o proxecto foi aprobado polo órgano municipal competente.
- Xustificación dos gastos:
 - o Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas.
 - o Aprobación dos gastos polo órgano municipal competente.
- Acreditación da difusión da colaboración da Deputación na actividade subvencionada.
- Certificación da persoa funcionaria pública competente do conxunto de axudas concedidas por esta Deputación, por outras administracións públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade. Extremo que foi verificado polo técnico que asina este informe.
- Informe de validación técnica favorable .

14º.- Posteriormente, en data 14 de novembro de 2023, requíreselle ao *Concello de CerdedoCotobade* a certificación onde se fagan constar os gastos relacionados coa redacción do proxecto.

15º.- Con data 14 de novembro de 2023, recibíuse contestación ao requirimento efectuado, con número de rexistro WEB2023062902, polo cal o concello aporta a certificación da Secretaría da aprobación da conta xustificativa pola Alcaldía da corporación.

16º.- Unha vez revisados os gastos xustificados, compróbase que estes ascenden a un total de 14.520,00€ (IVE incluído).

De acordo coa base terceira da convocatoria subvencionase o 90% do gasto xustificado, cun importe máximo de 50.000,00 €, corresponderíalle o cobro da antedita subvención por un importe total de 13.068,00€.

17º.-Con data 22 de decembro de 2023 os servizos técnicos da Deputación de Pontevedra emiten informe proposta de aprobación polo procedemento de validación do aboo da subvención (CSV: N751DEHU9KKQP3EO).



18º.- Con data 26 de decembro de 2023 intervención emite dilixencia de aprobación oa informe proposta polo procedemento de validación (CSV INVBUY8IAOZUYZQ1)

Por todo o anteriormente exposto, emítense as seguintes conclusións:

- Visto que o *Concello de Cerdedo-Cotobade* presentou, en prazo e forma, a documentación para a xustificación da subvención concedida para a redacción de proxectos ou execución de obras de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da rede Ágora.
- Visto que se comprobou material e formalmente, a conformidade da xustificación presentada, co alcance esixido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo
- Vista a dilixencia de intervención.

De acordo co exposto, considerando que o órgano competente para a aprobación do aboo da subvención polo procedemento de validación é a Xunta de Goberno.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade resolver favorablemente a xustificación presentada polo *Concello de Cerdedo-Cotobade* por importe de 13.068,00 €, e acorda aprobación tendo en conta a demora na tramitación; debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación 23/456.9420.762.10.2020.

18.33337.- AUTORIZACIÓN PARA SUBSTITUCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DA OBRA Nº 1 (PASO SOBRE REGATO COTAREL (RIO TRIPES) EN PAZOS DE REI) E DA OBRA Nº 2 (REPARACIÓN PASO SOBRE REGATO FONTE FEBREIRO), NO ACORDO Nº 3.32979 DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 22/09/2023, POLO QUE SE CONCEDÍA UNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TUI PARA O INVESTIMENTO INCLUÍDO NA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA REPARACIÓN DE DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS, DENOMINADO “PASO SOBRE REGATO COTAREL (RIO TRIPES) EN PAZOS DE REI, REP. PASO REGATO FONTE FEBREIRO, REP E REINSTALACIÓN PANTALAN PRAIA DE AREEIROS E DANOS EN MURO DE CONTENCIÓN DO VIAL MUNICIPAL RA-01010” (Expte. 2023035385).

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

ANTECEDENTES

- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 3 de marzo de 2023, adoptou o acordo número 13.32349 polo que se aprobaban as bases reguladoras e a convocatoria extraordinaria para a reparación dos danos causados polas inundacións acontecidas nos concellos da provincia de Pontevedra, entre o 24 de decembro de 2022 e o 1 de xaneiro de 2023, publicadas no BOPPO núm. 46 de 7 de marzo de 2023.



- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2023004393 de data 02/06/2023, modificadas nas datas 03/08/2023 e 05/09/2023 polas Resolucións Presidenciais núm.2023006140 e 2023006725, aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello de acordo coa Base reguladora 6ª das axudas económicas para realizar reparacións de danos causados polas inundacións. Correspondéndolle ó Concello de Tui unha cantidade subvencionable de 139.488,00 €.
- En data 08/05/2023, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023030801), ao abeiro do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións, petición do Concello de TUI, emendada na data 12/06/2023 30/08/2023 e 08/09/2023 con números de rexistro WEB2023037469, WEB2023050698 e WEB2023052497, respectivamente, na que solicita con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 139.488,00 euros, con destino ao financiamento do investimento denominado “OBRAS DE REPARACIÓN SOBRE O REGATO COTAREL, REGATO DA FONTE FEBREIRO, REPARACIÓN E REINSTALACIÓN DO PANTALÁN DA PRAIA AREEIROS, REPARACIÓN PAVIMENTO ACCESO CENTRO INTERFEDERADO RE REMO E PIRAGÜISMO E DANOS EN MURO DE CONTENCIÓN DO VIAL MUNICIPAL RA-01010”, cun orzamento polo mesmo importe.
- Mediante a RP núm. 2023006140, de data 03/08/2023, rectifícase a RP núm. 2023004393, por un error de transcripción.
- Con posterioridade, detéctanse erros no informe meteorolóxico de Meteogalicia de febreiro do 2023 , polo que se emite un novo informe o 07/08/2023 sobre as precipitacións rexistradas na provincia o día 01/01/2023 no que se rectifican algúns dos datos pluviométricos remitidos no mes de febreiro de 2023
- Á vista deste novo informe, mediante a RP núm. 2023006725, de 05/09/2023, rectifícase a RP núm. 2023004393, de 02/06/2023, constando a aceptación da notificación desta RP polo Concello o mesmo día 05/09/2023.
- Mediante Acordo de Xunta de Goberno número 3.32979 de data 22/09/2023 concedéuselle ao concello de TUI unha subvención por importe de 139.488,00 euros , co obxecto do financiamento do investimento “OBRAS DE REPARACIÓN SOBRE O REGATO COTAREL, REGATO DA FONTE FEBREIRO, REPARACIÓN E REINSTALACIÓN DO PANTALÁN DA PRAIA AREEIROS, REPARACIÓN PAVIMENTO ACCESO CENTRO INTERFEDERADO RE REMO E PIRAGÜISMO E DANOS EN MURO DE CONTENCIÓN DO VIAL MUNICIPAL RA-01010”, (expediente 2023035385) cun orzamento polo mesmo importe. Condicionada ás seguintes autorizacións sectoriais da Confederación Hidrográfica Miño- Sil, nas seguintes actuacións:
 - Desperfectos nas infraestruturas no camiño municipal. Paso sobre a Regueira do Cotarel.
 - Desperfectos nas infraestruturas no camiño municipal. Paso sobre a regueira da Fonte Febreiro.
 - Desperfectos nas infraestruturas, Pantalán na praia de Areeiros.
 - Danos por afundimento de pavimentos no centro Interfederado de Remo e piragüismo.



- En data 04/12/2023 con catro rexistros WEB2023066710, WEB2023066714, WEB2023066722, WEB2023066800, emendada na data 19/12/2023 (con números de rexistro WEB2023069105), ten entrada no rexistro desta Deputación oficios do concello de TUI no que solicita o cambio de proxecto técnico para a obra nº1 (PASO SOBRE EL REGATO COTAREL (RÍO TRIPES) EN PAZOS DE REIS, TUI) e para a obra Nº 2 (REPARACIÓN DEL PASO SOBRE EL REGATO DA FONTE FEBREIRO, TUI) para o investimento incluído no Plan de reparación de danos causados polas inundacións, “PASO SOBRE EL REGATO COTAREL (RIO TRIPES) EN PAZOS DE REI, REPARACIÓN DEL PASO SOBRE EL REGATO DE FONTE FEBREIRO, REPARACIÓN PAVIMENTO ACCESO CENTRO INTERFEDERADO DE REMO E PIRAGÜISMO, REPACIÓN E REINSTALACIÓN DO PANTALÁN PRAIA DE AREEIROS E DANOS EN MURO DE CONTENCIÓN DO VIAL MUNICIPAL RA- 01010”.

Da documentación que obra no expediente, infírese que o cambio de documento técnico ven motivado pola corrección de erros operativos detectados e a melloras de proxecto mediante a reformulacións de decisións no proxecto orixinal. Polo que o concello vese obrigado a modificar o citados proxectos técnico da obra número 1 “PASO SOBRE EL REGATO COTAREL (RÍO TRIPES) EN PAZOS DE REIS, TUI” e da obra número 2 “REPARACIÓN DEL PASO SOBRE EL REGATO DA FONTE FEBREIRO, TUI”.

- Os novos proxectos descritivos das obras a realizar, non modifican a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada, pero supón un incremento do orzamento de execución por contrata para obra nº 1 que ascende a 192.508,12 € e unha achega municipal de 149.642,99 €. Na obra nº 2 tamén ascende o orzamento que pasa a ser de 48.188,24 €, non modificándose o importe total da subvención concedida.
- O concello aporta a resolución da autorización sectorial da Consellería de Medio Ambiente para as obras Regato Cotarel, Fonte Febreiro, Praia Areeiros e Centro Interfederado Piragüismo e remo. Así mesmo, solicita unha nova autorización sectorial á Confederación Hidrográfica Miño- Sil con carácter de urxencia para poder iniciar as obras, da actuación nº1 (Paso sobre el Regato Cotarel (Río Tripes) en Pazos de Rei), polo que a concesión queda condicionada á obtención da citada autorización que deberá ser presentada coa primeira xustificación. Tamén presentan informe do Servizo Provincial de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para a obra Nº1 (Paso sobre el regato Cotarel (Río Tripes) en Pazos de Rei).
- O concello solicita a súa conformidade por parte desta administración, de forma que o investimento se poida executar nos termos establecidos polo concello.
- As presentes actuacións contan co informe favorable de supervisión e control do documento descritivo das actuacións a levar a cabo do enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación de data 14/12/2023, da xefa do Servizo de Cooperación de data 19/12/2023 e da Intervención Provincial de data 20/12/2023.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación (OXS)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do Plan de reparación dos danos causados polas inundacións, relativa ao procedemento de concesión, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que o órgano instrutor solicitará o informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesarios, e que se fará un informe proposta para a aprobación da concesión da axuda.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS, que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.



- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 10.9 da OXS, que sinala que se achegará a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos tras a concesión no prazo que fixen as bases reguladoras, ou na súa falta, no de quince días seguintes á notificación ou, no seu caso, publicación da resolución.
- Artigos 17 e ss. da OXS, que regulan o procedemento de concesión.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 34 e 35 da LBRL e nos artigos 61 e 63 do ROFRXEL correspóndelle á Xunta de Goberno ser o órgano competente para a concesión desta subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do Servizo de Cooperación, de data 14/12/2023, da xefa do Servizo de Cooperación de data 19/12/2023 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 20/12/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar a substitución do proxecto técnico na obra nº1 (*Paso Sobre el Regato Cotarel (Río Tripes) en Pazos de Rei*) en na obra nº2 (*Reparación del paso sobre regato Fonte Febreiro*), no Acordo de Xunta de Goberno número 3.32979, de data 22/09/2023, polo que se concedía unha subvención por un importe de 139.488,00 €, ao *Concello de Tui*, CIF P3605500B, para o investimento “*Paso sobre el regato Cotarel (Río Tripes) En Pazos de Rei, reparación del paso regato Fonte Febreiro, reparación e reinstalación pantalan praia de Areiros e danos en muro de contención do Vial Municipal RA-01010*” (*Exp.* 2023035385), cun orzamento de 289.130,99 € e unha achega municipal de 149.642,99 €, condicionada á obtención da autorización sectorial da Confederación Hidrográfica Miño- Sil para o novo proxecto da obra nº 1 (*Paso Sobre el Regato Cotarel (Río Tripes) En Pazos de Rei*), e permanecendo igualmente a necesidade de autorización sectorial da Confederación Hidrográfica Miño- Sil para o resto de actuacións:
 - Obra nº 2-Paso regato Fonte Febreiro.
 - Obra nº 3 -Reparación pavimento acceso centro Interfederado remo e piragüismo.
 - Obra nº 4- Reparación e reinstalación pantalan Praia de Areiros.
 Que deberán ser enviadas á Deputación xunto coa presentación da primeira xustificación.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2023/942.9428.762.97 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado da presente resolución ao *Concello de Tui*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



19.33338.- AUTORIZACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DO CONCELLO DE SANXENXO RELATIVO AO INVESTIMENTO “PLAN ASFALTADO DE VIAIS MUNICIPAIS”, (Expte. 2023005945), INCLUÍDO NO PLAN CONCELLOS 2022-2023, LIÑA 1

Retírase da orde do día expediente relativo á “*Autorización do proxecto modificado do Concello de Sanxenxo relativo ao investimento “Plan asfaltado de viais municipais”, (Expte. 2023005945), incluído no Plan concellos 2022-2023, liña 1*”.

20.33339.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (Expte. 2023076264)

Vista a relación de facturas con número 2023076264, que contén 28 facturas e por un importe de 88.488,11€ e con CSV: NKHUQ4FV7R2W2CRE, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 20/12/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	88.360,94 €
Descontos do IRPF.....	367,50 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	494,67 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	88.488,11 €

21.33340.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

22.33341.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

23.33342.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

